A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XIII • 18 DE OUTUBRO • 1990

Nº 449 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA - SANTIAGO - DE

Pública Diario 50

OS NARCOTRAFICANTES GALEGOS ESTÁN CONECTADOS COA MÁFIA POLICIAL

OS LADRÓNS ATRÁS DOS QUE ROUBAN

Parte dos alixos de droga incautados son postos outra vez no mercado debido á relación existente entre a chamada *máfia policial* e os narcotraficantes galegos. Tres novos detidos súmanse aos encausados na *Operación Nécora*, que perde bastante empuxe debido á *amnésia* temporal que sofre o arrepentido Portabales, producida, dise, polo brillo de cinco millóns de pesetas.

Xuício de Gardas Civís acusados de contrabando. ANXO IGLÉSIAS

Unha orde da Xunta consagra a repovoación con eucaliptos

A *Campaña para o Fomento da Producción Forestal*, promovida pola Conselleria de Agricultura, extenderá ainda máis a superfície total de pino e o eucalipto que xa ocupan 550.000 e 250.000 hectáreas respectivamente. A redación da orde ten a ambiguedade precisa para poder subvencionar por xunto *espécies autóctonas ou asimiladas*

(Páx. 7)

Mohamed Safa: 'Por desgrácia os palestinos non somos kuwaities'

Os paises ocidentais nunca mandaron un soldado, un barco, un avión para liberar Palestina ocupada. O doctor Mohamed Safa, palestino da Cisxordánia que reside na Galiza desde hai quince anos, pregunta nesta entrevista que pode pensar un home expulsado da sua terra coma el do despregue de forzas que bloquean a entrada do golfo Pérsico en resposta á ocupación de Kuwait. **(Páx. 12-13)**

España compra barato na liquidación das empresas públicas arxentinas

Cinco séculos despois da chegada de Colón a este continente, parece que os españois da era de Felipe González están dispostos a repetir, na sua versión moderna, a epopeia do '92. A xente di aqui que a compra dos teléfonos e dos avións converteunos nos conquistadores de fins do século XX.

(Páx. 14-15)

Clangor: unha bomba contra civís e contra o próprio EGPGC

Se o atentado de Irixoa no que resultou morto un garda civil supuxo un salto cualitativo nas accións do "Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive", desencadeando mesmo un proceso de división interna, os atentados levados a cabo o Venres dia 12 van marcar a organización armada: produciuse a primeira vítima civil e tiveron dous primeiros mortos.

(Páx. 5)

ANXO IGLESIAS

A cocaína desaparecida do alixo apreendido en Irun iria parar ás mans do *Clan Oubiña*

Detidos en Euskadi denúncian a conexión entre a *máfia policial* e os narcotraficantes

ALFONSO EIRÉ-MANUEL VEIGA

Unha nova fórmula de conseguir droga é facerse coa dos alixos incautados. En Irun desapareceron uns 500 quilogramos dun alixo de unha tonelada. En Vigo foron incinerados 30 quilogramos de fariña e a mesma cantidade de cocaína pasou a mans dun exparlamentário.

DOUS CRITÉRIOS PARA CONTAR OS MORTOS

Cinco mozos morreron na provincia da Coruña nos últimos quince dias —nunha estimación probabelmente incompleta— e 86 na área sanitária de Vigo, nos dez meses que van transcurridos de ano, a consecuéncia de enfermidades producidas polo consumo de drogas, nomeadamente heroina. Centos de famílias sinten hoxe unha dor e un ódio fondo, irreversíbeis, ao contemplar a sua descendéncia inesperadamente cercenada. A maioria dos falescidos non alcanzaran ainda os trinta anos de idade.

Os efeitos da introdución da droga na sociedade, a escala masiva, estanse a deixar sentir sobre esta xeración con máis forza, no tocante a mortandade, que a guerra de Marrocos sobre a dos seus avós e mesmo, ás veces, logra aproximarse ás terríbeis consecuéncias do Golpe Militar do 36 na dos seus pais. A maiores está a violéncia indirecta xerada, centos de atracos a bancos, a farmácias, alguns deles con vítimas, de modo que hoxe, como sinala Carme Avendaño, "os cárceres non gardan apenas a delincuentes, senón a enfermos".

Pois ben, esta situación arrepiante e explosiva, este rio incesante de mortes, non é quen de provocar notícias de portada nos médios de comunicación, de acumular estadísticas, de suscitar contundentes repúdios oficiais. A ladaiña informativa das mortes por acidente de tránsito xustifícase como acción preventiva, intimidatória, mais no caso da droga négase a información "para non provocar alarmismo" e os xovens da EXB non se ven asi avisados da gravedade de discurrir no futuro por determinados camiños.

O pó branco de heroina tamén non causa o rebúmbio da grisácea xelamonita, pero mata máis e mellor, sen risco e sen *erros*. Pero non só dar o seu xusto relevo aos mortos causados polo droga parece estar mal visto, senón que responsábeis policiais, como o Coronel Ayuso, son capaces de entrevistarse con supostos narcotraficantes, procurados pola Xustiza, e mesmo de facer profesión de fe da *palabra* de Sito Miñanco ao se declarar inocente. Este espírito *comprensivo* de quen están encarregados de gardar a orde, transfórmase en grave falta de rigor e desmedimento ao converter en sospeitosa de *terrorismo* a unha vítima como Mercedes Domínguez ou ao seu nóivo, cuxo único delito era estar nunha discoteca, e en instigadores da violéncia a cantos denúncian con valentia a trama da droga. O comunicado do PSOE contra o alcalde de Noia é un bon exemplo neste sentido.

A distinta vara coa que se miden as mortes causadas pola droga e as provocadas polo *terrorismo*, débese a que as primeiros son ate certo ponto funcionais ao sistema. Se as guerras serviron historicamente de aliviadeiro ás crises e ao paro masivo, de modo parecido, a droga elimina, eficazmente e en siléncio, a suxeitos incomodos para o réxime actual: marxinados, xovens en paro, xitanos... As accións armadas, como a colocación de bombas, á marxe de ser unha aberración ética, forman parte da política crítica co poder, pero redúcena ao seu aspecto máis vulnerábel, máis socialmente repudiábel.

O poder, placidamente aletargado nunha sociedade onde proliferan os estupefacentes, somente se alza contra os narcotraficantes cando estes ameazan, co seu xeométrico crecemento económico, con ser tan poderosos como o próprio Estado. Tal é o dilema no que hoxe se encontran xa os norteamericanos. Mentres tanto, o poder coabita, a todos os níveis, co narcotráfico, mesmo ou precisamente naqueles estamentos destinados á combatilo. Velaí, como proba, o acubillamento que realizan alguns partidos de coñecidos narcotraficantes e a relación entre os narcos galegos e a máfia policial. Servan de exemplo os 500 quilogramos incautados e logo sustraidos en Euskadi e posteriormente vendidos na Galiza.

Non se trata aqui de comparar duas castes de violéncia e menos de xustificar unhas accións xa condenadas con anterioridade, alertando, ademais, de que o *erro* que causou os tres mortos do *Clangor*, ia ser inevitábel máis tarde ou máis cedo; pero é necesário que a sociedade tire dos ollos a venda imposta e reacione, ainda con máis dureza condenatória e mobilizadora, contra unhas mortes que pretenden manter agachadas á opinión pública. □

A NOSA TERRA

Até agora sabíase que os narcotraficantes tiñan apoios na policia, Garda Civil e mesmo nos aduaneiros. Agora, a raíz da apreensión dun carregamento de 990 quilogramos de cocaína en Irun, en 1988, púdose coñecer a existéncia dunha máfia policial que lles suministra droga aos próprios contrabandistas. Droga que é cambiada por fariña dos alixos apreendidos. Nesta organización estarian implicados policiais e militares destinados no Exército e na Garda Civil. Estas persoas son tamén as que alertan aos capos das patrullas e das posíbeis redadas. Os *narcos* non están sós, teñen de valedor a un alto cargo do Ministério do Interior. Pésie a iso a policia ven de incautar 1.200 quilos de cocaína e deter a tres persoas en Cambados, duas en Ramirás e unha en Madrid.

'A DROGA FOI INTRODUCIDA NA GALIZA NUN CAMIÓN DE MÓBEIS, OPERACIÓN QUE XESTIONOU O POLICIA CÁNDIDO, DESTINADO EN VILAGARCIA'

O coronel Ayuso acredita en Sito Miñanco

Afirma que os seus inimigos están na policia, no Servício de Vixiáncia Aduaneira e na alcaldia de Noia

O Coronel Ayuso cre nas palabras de inocéncia de Sito Miñanco

O Coronel Arsénio Ayuso, e responsábel do Servício Fiscal Antidroga, e próximo asesor do director Xeral da Garda Civil, Luís Roldán, afirma que acredita nas palabras de Sito Miñanco, reclamado pola policia española e francesa, cando afirma que non ten nada a ver coa droga.

Nunhas declaracións realizadas a "El Correo Gallego" afirma que viu chorar a Sito Miñanco "como un neno, xurándome que non sabia nada da droga, que o crera (...) Se minte teño que confesar que é un espléndido comediante e que soubo enganarme".

Sito Miñanco, ao que o xornal francés *France Soir*, considera como o "Rei da Coca en Paris", está reclamado por un xulgado francés e outro suízo. O maxistrado galo Germain Sangelin, da localidade de Mulhouse e o suízo Jord Schild, de Balbe, apresentaron sendas querelas criminais contra o suposto capo cambadés.

Segundo informacións procedentes de Francia, Prado Bugallo ten o seu "cuartel xeral" en Anvers, desde que se encontra fuxido da Galiza.

'AYUSO XA SE ENTREVISTARA ANTERIORMENTE CON SITO MIÑANCO'

O coronel Ayuso xa se tiña entrevistado con Prado Bugallo en Barcelona, en Marzo de 1989, antes da reunión mantida en Lisboa, cando este se encontraba fuxido da Xuztiza. O mando da Garda Civil afirma que esta última entrevista a realizou coa autorización do xuíz Garzón, que desmentiu radicalmente que dera o seu consentimento.

O Coronel Ayuso tamén se entrevistou con Laureano Oubiña cando este estaba detido na Parda en Pontevedra.

Para o Coronel Ayuso os seus principais inimigos son a Policia, o SVA e Pastor Alonso, Alcalde de Noia, segundo declarou ao rotativo compostelano.

O dia 7 de Maio de 1988 eran incautados en Irun 990 quilogramos de cocaína. Con data do 11 do mesmo mes a prensa daba a notícia da incineración de 500 quilogramos de cocaína do alixo incautado. Afirmaba que a queima da outra metade "pode finalizar durante a xornada de hoxe, ainda que non se descarta que esta operación finalice en dous dias".

Dia 12 de Maio, restaurante *Lagar* de Vilagarcia, reúnense Laureano Oubiña, Xosé Paz Carballo e Ramón Longa Vidal, para concertar a venda dunha partida de 370 quilogramos de cocaína de gran pureza que Oubiña conseguira comprar através duns axentes de Policia dun depósito xudicial do País Basco. Na resolución do xuíz Garzón precísase que os policias sustraeran a mercancia substituíndoa polo peso equivalente en fariña, segundo declaracións de Portabales.

Montaxe policial

Dous dos detidos nesta operación de Irun, Javier Lekuona e, especialmente, Xosé Tortosa, condenados a 20 e 23 anos de cadea, respectivamente, denunciaron várias veces antes aos xuíces Santiago Pedraz e Baltasar Garzón que a operación policial que concluiu coa apreensión dunha tonelada de cocaína en Irun era unha montaxe, en cuxa trama participara tanto unha máfia policial, na que figurarian inspectores de Bilbo, un confidente policial que é, segundo "Egin", un dos maiores traficantes de heroína de Euskadi. Segundo o noso correspondente en Donostia, Pepe Rei, o confidente policial é Carmelo Larralde Echebarria, identidade que lle foi facilitada por Tortosa e Lekuona aos xuíces Pedraz e Garzón.

Carmelo Larralde está unido por vínculos matrimoniais coa família de Bonifácio Garcia Bañuelos, pertencente ao clan *Bañuelos*. ETA atentou por duas veces en Bilbo contra integrantes deste clan, mentres que un terceiro foi morto por un axuste de contas entre narcotraficantes.

Este confidente policial, en liberdade condicional debido á participación nunha rede de traficantes, está en paradeiro descoñecido.

'O CORONEL GALINDO FOI ACUSADO DE SER UN DOS FUNDADORES DO GAL'

Segundo José Tortosa, Larralde é unha persoa "coñecida, fichada, tolerada e protexida pola policia", e foi el quen viaxou a Colómbia en Abril de 1988 para

En meios xurídicos fálase de amnésia producida por 5 millóns de pesetas

A perda de memória de Ricardo Portabales

Vicente Otero, *Terito*, despois de permañncer tres meses fuxido da Xustiza, apresentouse voluntariamente ante o xuíz Garzón e este deixouno en liberdade, sen fianza sequer, ás poucas horas.

Por máis que Vicente Otero negase calquer relación coa droga e afirmase que el abandonou o contrabando hai vinte anos, a decisión do xuíz Garzón de deixalo en liberdade foi tomada en vistas de que Ricardo Portabales, *O Arrepentido*, declarou despois da rolda de recoñecimento "non estar seguro de que Vicente Otero se trate da mesma persoa" que aquel a quen se referiu nas suas primeiras declaracións.

Portabales tiña declarado que viaxou con *Terito* a Panamá. É posíbel que alguén que tivese feito unha travesia en avión cun compañeiro de viaxe tan característico como *Terito* non o recoñecese? Por se isto fose pouco, a foto de Vicente Otero saiu repetidamente nos meios de comunicación. Non a viu Portabales? Non lle mostrou nengunha fotografia do encausado a policia con anterioridade? Se a ollou anteriormente non se deu conta de que a persoa a que el acusaba non era a mesma que o acompañou na viaxe? Se foi asi por que permitiu que se perseguise a un home inocente?

O xuiz Garz'on ve como se desinfla o sumário. Á direita Terito saindo da Audiéncia Nacional.

'UN AVOGADO PONTEVEDRÉS OFERECEULLE A PORTABALES CINCO MILLÓNS POR *FACERSE O CEGO*'

Estas e outras perguntas supoñemos que llas terá realizado o xuíz Garzón.

Amnésia momentánea

En meios xudiciais fálase xa da *amnésia momentánea* que lle producen a Ricardo Portabales os millóns de pesetas. Afírmase, concretamente, que un bufete de avogados de Pontevedra xestionou un acordo con Portabales para que non recoñecese, a cámbio de 5 millóns de pesetas, na segunda rolda de recoñecimento, a algun dos detidos.

Portabales estaria recadando, dise, uns cantos millóns para marchar a un recóndito país.

A policia, pola sua banda, ameazouno con retirarlle a especial protección que lle outorga se volta sufrer outros ataques de *amnésia*, polo que estaria a mercé daqueles aos que denunciou.

A *cegueira* de Portabales, ou a sua capacidade de mentira e fabulación, pode deixar a **Operación Nécora** totalmente desactivada se só se basea nas suas declaracións.

O adianto da redada, por comenéncia do PSOE, pudo frustrar un dos meirandes golpes dados ao narcotráfico no Estado español, ao non pode obter o xuíz as probas necesárias para inculpar aos detidos.

As apreensións realizadas o Luns dia 15 poden ser unha demostración de que as pesquisas seguiron e as acusacións están asentadas en algo máis sólido ca unha simples declaración dun **arrepentido**.

Cando se entregue Sito Miñanco, se é que o fai, o xuíz Garzón, que coñece o apodo que os franceses lle dan ao cambadés, *Rei da Coca de Paris*, crerá na sua palabra de inocente como fixo o Coronel Ayuso e nos titubeos de Portabales? □

Á esquerda incidentes durante a Operación *Nécora*. Arriba lancha de vixiáncia aduaneira.

comprar 1.000 kg de cocaína que "posteriormente, e grácias á sua intervención foron apresados en Irun".

Tortosa, condenado por facilitar o local na que se escondeu o alixo, afirma que Larralde era o promotor do alixo na sua totalidade ou en parte e, incluso, "el debia de ter algunha idea sobre o lugar e os autores do desembarco. El tiña informado a policia de Bilbo, que á sua vez desprazouse a Donostia, facendo partícipes da sua información ao comisário Lizarraga e ao inspector Sangorrín, levando xuntos a cabo a operación".

Tortosa afirma tamén que, despois da apreensión desapareceu parte da droga e que o comisário e o inspector falsearon os feitos, ademais de "apresentaren un falso testemuño".

Segundo denunciou Javier Lekuona ante o xuíz Garzón, seria un policia, *Cándido D.*, de Vilagarcia, o que lle fixo chegar a droga a Laureano Oubiña a meio dun camión de móbeis dunha empresa pontevedresa.

Tráfico de droga entre policias, gardas e militares

Hai algunhas semanas foi detido en Zamora o policia Xosé António Atienza, baixo a acusación dun delito de depósito de armas e munición.

'UN MANDO DA GARDA CIVIL ESTIVO ALERTANDO AOS CONTRABANDISTAS NA NOITE DA OPERACIÓN NÉCORA'

Atienza, un dos primeiros sindicalistas da policia, investigaba desde hai catro meses unha rede de tráfico de drogas composta por policias, gardas civis e militares, destinados en Euskadi pero con contactos na Galiza e Madrid.

Esta rede sobre a que buscaba dados o policia detido, está dirixida desde Madrid por un alto cargo do Ministério do Interior, segundo informe facilitado por Atienza ao fiscal anti- droga, Javier Zaragoza, quen comezou unha investigación xudicial, que vai ser incorporada ao sumário da *Operación Nécora* instruído por Baltasar Garzón.

O fiscal Zaragoza xa tomou várias declaracións e realizou dilixéncias en relación a este caso. Atienza e o seu compañeiro de investigación, Pardo, lograron obter várias declaracións grabadas dun confidente, da Garda Civil, que desvelou como tras da rede de tráfico de drogas e outras actividades ilegais desenvolvidas ao amparo da loita anti- terrorista, encontraríanse o comisário Baniandrés, o tenente coronel Enrique Rodríguez Galindo, ao que o Sindicato da Garda Civil ten denunciado por ser un dos fundadores do GAL e o que mandou pór as bombas no supermercado Preco, e un comandante destinado na base militar de Loyola, segundo informou "Diario 16" quen se reservou o nome do alto cargo do Ministério do Interior que dirixe a rede.

'A REDE ESTÁ DIRIXIDA DESDE MADRID POR UN ALTO CARGO DO MINISTÉRIO DO INTERIOR'

Segundo un portavoz do Sindicato da Garda Civil detectaron "corrupción en vários mandos polo que está a levar a cabo unha investigación na Galiza".

A investigación céntrase, entre outros, nun oficial que durante a *Operación Nécora* dedicouse a pasear coas luces de destello, enfadando aos participantes na operación.

Declaran asi mesmo que "é tremendamente sospeitoso que Laureano Oubiña non deixase entrar no seu pazo á policia, pero si á Garda Civil, cando foron rexistar a casa na noite da sua detención". □

'O número de vítimas non se difunde por intereses políticos', segundo Carme Avendaño

No que vai de ano levan morto 86 drogadictos, só na comarca de Vigo

Existen intereses políticos para non difundir o número de mortos pola droga e para que iso teña moi pouco eco nos médios de comunicación", afirma Carme Avendaño, portavoz do activo grupo de loita contra a droga *Érguete*. "É certo, sinala, que existe un rechazo e un medo ao alarmismo, pero creo que seria construtivo dar a coñecer a realidade".

Só na área sanitária de Vigo producíronse, nos dez meses transcurridos desde que comezou o ano, 87 mortes a causa do Sida, e unicamente nun caso o enfermo non era drogadicto, segundo o seguimento realizado por esta asociación, formada en gran parte por nais de xovenes afectados polo consumo de drogas e que actualmente está a extender a sua implantación por toda Galiza.

Avendaño sinala que o número de portadores de anticorpos do Sida en desarrollo é moi alto, ainda carecendo de datos precisos. Tamén é elevado o número de hospitalizados en fase terminal, pero as institucións non ofereceron cifras acumuladas sobre estes enfermos e o silenzo e escurantismo son grandes. Con todo, "as autoridades, como hai uns dias o Subdirector Provincial do Insalud en Pontevedra, recoñecen que as nosas estimacións son reais", sinala a portavoz de *Erguete*.

No tocante aos cidadáns en prisión, fontes oficiais afirman que o 50% son portadores do Sida, se ben esta cantidade alcanza o 80% segundo *Erguete*. As cadeas non se encontran preparadas para esta situación e a atención médica prevista ate agora resulta testemuñal. "Nos cárceres hoxe non hai apenas delincuentes, sinala Avendaño, senón que case todos son enfermos, drogadictos". "Compre cambiar os esquemas e as estruturas, afirma. Nen a xustiza, nen a sanidade, se adecuan ás necesidades actuais".

"As institucións non mostraron ate agora interés no asunto e só están comezando a tomar medidas, en gran parte debido á presión social", engade Carme Avendaño, quen recoñece que a implantación e o apoio á asociación de loita contra á droga son cada vez maiores.

Menos mortos por sobredose

Os mortos por sobredose están disminuindo nos últimos meses. Durante o verán produciuse unha disminución das cantidades de heroina no mercado e a que habia era moi adulterada, observa Carme Avendaño. Os efectos da adulteración eran de perda de visión, febres de ate 42 e 43 grados e aparición de quistes na cabeza, sen que se chegara a producir a morte na maioria dos casos.

Vigo e Ferrol son áreas moi afectadas, asi como vilas da costa como Riveira ou do interior como Monforte. Entre os toxicómanos está a ser tamén moi alta a introdución da tuberculose, debido a que a preséncia de anticorpos anula os efectos da penicilina.

Integrantes de *Erguete* increpan a familiares de narcotraficantes

Segundo Avendaño estamos a vivir as consecuéncias da expansión máis intensa da droga, acaecida nos anos 82 a 84. "Actualmente a incorporación de novos *enganchados* á heroina é moito menor", afirma.

A nível mundial, a última década viu falescer, por efectos da droga, a 800 mil persoas, segundo a Organización Mundial da Saude. Para os próximos dez anos, segundo esta mesma organización, é previsibel que perezan, polo mesmo motivo, ate seis millóns de persoas.

Ameazas

Os últimos atentados do EGPGC poden desatar, segundo Carme Avendaño, unha escalada dé violéncia e unha resposta dura por parte dos narcotraficantes. Ninguén ignora, por outra parte, que persoas destacadas na campaña social contra a droga, como o alcalde de Noia, Pastor Alonso, ou as próprias mulleres de *Érguete* poidesen estar entre os obxetivos.

"Todo o mundo sabe xa que non somos catro nais tolas, afirma Carme Avendaño, é que o noso apoio social é moi grande". Este apoio basease sen dúbida no fondo malestar existente entre os afectados pola tranquilidade coa que ate agora poideron moverse os narcotraficantes, asi como pola pasividades das autoridades.

"As persoas que loitamos contra a droga estamos moi unidas, comenta Avendaño, e solidarizámonos completamente co alcalde de Noia ou con Sito Vázquez, ex-alcalde de Vilanova". □

GALIZA E MUNDO

■ A folga do transporte (Páx. 7) ■ Os orzamentos do 1991 (Páx. 8) ■ A marcha das eleicións sindicais (Páx. 8) ■ Paco Vázquez non cumpre o regulamento (Páx. 9) ■ Cada vez máis adolescentes embarazadas (Páx. 9) ■ Acaba o conflito en Alariz (Páx. 10) ■ A negociación en Euskadi (Páx. 15)

Nos seus últimos comunicados xa anunciaban que atentarian contra os narcotraficantes

O EGPGC causa a primeira morte civil e perde a dous dos seus membros

■ A.E.

As seis bombas colocadas polo Exército Guerrilheiro eran algo agardado pois nos seus últimos comunicados viñan anunciando que atentarian contra os narcotraficantes e a denúncia da drogadición estivo presente desde o seu primeiro manifesto. O que si causou surpresa, indignación e condena case unánime, foi o resultado destas seis explosións. Tres persoas mortas, duas delas membros do EGPGC, e 43 feridas, unha delas ainda moi grave, foi o saldo dunha das suas accións: a colocación dun artefacto, na discoteca compostelá Clangor, que estoupou antes de tempo.

ANXO IGLESIAS

Enterro, sen autoridades, de Mercedes Domínguez

Se o atentado de Irixoa no que resultou morto un garda civil supuxo un salto cualitativo nas accións do "Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive", desencadeando mesmo un proceso de división interna, os atentados levados a cabo na mañanciña do Venres dia 12 de Outubro van marcar fortemente a organización armada por dous feitos fundamentais: produciuse a primeira vítima civil e tiveron os seus dous primeiros mortos.

A morte da primeira persoa propiciou a división interna, por máis que fose asumida como un erro e a vítima fose un garda civil. Unha parte dos militantes consideraban que se tiña que producir un repregue senón a organización veríase envolta nunha espiral violenta que os alonxaria de todo respaldo social. Estas persoas que abandonaron o EGPGC propiciaban como estratéxia a seguir a de ir criando *organización* e apoios políticos para as suas teses. O falecimento da primeira persoa civil a e os máis de 50 feridos supón non só enfrentarse co rexeitamento do conxunto da sociedade, senón das suas posíbeis bases (a repulsa dos estudantes é un claro exemplo) por considerar que eles poden ser as vítimas inocentes, por moi involuntárias que sexan.

As primeiras vítimas

A dirección do EGPGC foi consciente desde o primeiro momento do que significaban as mortes producidas na discoteca Clangor. Unha proba é que foi Manuel Chao, un dos seus principais dirixentes, o que realizou a reivindicación nunha conversa de catro minutos cun redactor da Rádio Galega.

Pero os seus próprios mortos marcan tamén decididamente a unha organización. Xa hai un *exemplo* interno, existen heróis a quen lles facer homenaxes e pendurar en carteis. Son moitas veces os mortos os que coesionan e manteñen unha organización. Pero son, á vez, as mortes as que dan tamén a dimensión da realidade.

O EGPGC nútrese, desde a sua división interna e *caída* de parte dos seus militantes, xa non de persoas de longa militáncia nacionalista, como ao comezo, senón, como recoñecia o Governador Ramón Berra, de *xóvenes en paro* sen militáncia política significada o que, segundo a policia, dificulta a sua investigación

O descoñecimento que posuen hoxe as FOP do EGPGC levou a que relacionasena Maria Mercedes Domínguez, fenecida no atentado, e ao seu noivo como integrantes do comando de guerrilleiros que puxo o explosivo en Clangor. A sua teimosia en non dar o nome da terceira persoa morta , levou o nervosismo a case totalidade dos domicílios vigueses que teñen fillas estudando en Compostela.

A créncia da relacción de Mercedes Domínguez co EGPGC fixo que ao seu sepélio non asistise autoridade algunha.

Por outra banda parte dos feridos de Clangor pertencen a familias con influéncia política que reclaman unhas accións policiais contundentes contra o EGPGC polo que, como no caso de atentado ao chalé de Fraga non se descartan próximas detencións, máis ou menos relacionadas co grupo armado.

A colocación de artefactos

A colocación dos artefactos realizouna un único comando que comezaria por Pontevedra, sendo visto o Opel-Corsa branco, matrícula M-0022-LH, pola noite en Vilagarcia. O seguinte paso seria deixar o artefacto en Clangor, á entrada de Compostela e, seguidamente seguir cara Noia e Riveira. As bombas debian de estar dispostas ás 5 da mañá para que explotionasen máis ou menos a mesma hora.

Pero os membros do EGPGC non puderon continuar o seu percorrido. Cando ian depositar o artefacto por detrás da equipa de sonido este estoupou por causa do campo magnético que criaba o *baffle*.

Pola tarde do Xoves encontrouse o coche usado polo comando aparcado perto da discoteca santiaguesa. Ainda tiña os artefactos que non lograran colocar.

Nese mesmo dia terian lugar en Compostela duas manifestacións contra a violéncia, mentres a maioria das forzas políticas condenaban os atentados en comunicados feitos públicos. As Xuntas Galegas pro Amnistia e a Asamblea do Povo Unido lamentaban as mortes, mentres a FPG declinaba pronunciarse. □

VIAXE AO INTERIOR DA GALIZA REAL

FRANCISCO CARBALLO

O acontecimento da discoteca *Clangor* de Santiago tivo máis forza expansiva e provocadora que a ancha agresión do narcotráfico, a degradación dos incéndios forestais, o axuste da agro-indústria ou a erosión da sensibilidade e da língua galegas. A mocidade universitária sentiuse agredida e reaccionou ao instante. Outros colectivos recolleron o eco da universidade.

Os universitários manifestáronse en silenzo, decidiron un dia de folga, 15-X, e esixiron respeito e non violéncia. Alguns deles calificaron de "asasinos" e de "exército" aos autores do atentado homicida.

A reacción dos diversos colectivos deste país serve para unha toma de conciéncia da composición social da Galiza e para unha estratéxia adecuada no diálogo entre as clases e os estratos da povoación.

Certo sector expresou o seu "noxo" ante o atentado e os seus autores. Pero este mesmo sector xamais manifestou iso ante os graves, mortais, permanentes ataques á Terra, os seus traballadores e a sua cultura. Mais, xente dese estrato social defende a pena de morte, non abandona o uso da violéncia e pervirte as leis democráticas sempre que pode. É este un estrato social do máis perigoso; cómpre unha pedagoxia especial para o diálogo con tales clans de asilvestrados. Aqui está a asignatura pendente da Galiza democrática: aprender a tolerância, abandonar a violéncia, os do "noxo" teñen sombra alongada en toda Europa e precisan medicamentos fortes para curar da suas cóleras viscerais.

Logo está a "maioria silenciosa". Como os estudantes, pode que camiñe nunha manifestación silenciosa, pero cala. Non lle é fácil situarse nunha nación oprimida por tan graves problemas. Non serve a violéncia, certo; pero a *autoridade* non quer ou non pode (ou as duas cousas á vez) liberarnos de tan grandes males e a mesma autoridade se comporta represiva e discriminadamente. E isto dicímolo das autoridades centrais e das autonómicas: longas en promesas, nulas en realidades a benefício do *comun* dos cidadáns. O preocupante desta maioria silenciosa é a sua incapacidade de decisión; un silenzo que leva á inactividade; inactividade que se serve para a estabilidade das oligarquias.

Nen esta maioria, nen a minoria do "noxo" acaparan a totalidade da sociedade galega. Un sector, que se apresenta como moi "demócrata" e que gosta atribuir a "fundamentalismos" canto non encaixa na sua mente, oferece a via "da modernidade e do progreso". Ninguén sabe que modernidade nen que progreso, porque aplaudiron o desmantelamento industrial, agachan o axuste da agro-indústria e non dan un peso para a recuperación lingüística e cultural da Galiza. Este sector "ilustrado" e "alleado" logra atrapar votos e goza coa cultura de *Lavapiés* —cosmopolitismo do chótis— e coa substitución da própria história por outra sucursal. O problema neuronal é de lento remédio e os dirixentes deste sector parece que teñen aí o problema.

E queda outra ancha franxa de galegos: din non á violéncia e si á esperanza; aceitan a sua personalidade colectiva con luces e sombras e programan un desenvolvimento autoxerado, global, enraizado na terra e nun horizonte de relacións con todas as nacións. Este sector é plural en diagnósticos imediatos. Alguns son tímidos, cren que hai un tédio insuperábel e unhas posibilidades cativas. Outros son máis optimistas. Non hai teito, faise teito co diálogo, a paixón e a vontade.

> 'CERTO SECTOR EXPRESOU O SEU *NOXO*. MAIS DEFENDE A PENA DE MORTE E PERVIRTE AS LEIS DEMOCRÁTICAS SEMPRE QUE PODE'

O que me parece curioso é que estes sectores devanditos non se circunscreben a clases perfeitamente delimitadas; hai unha complexidade de clases sociais que todas son penetrábeis por unha consciéncia de nación e de necesidade de liberación. Pero, concretamente, mais da metade da povoación galega está debaixo dunha renda média do 50%. Este conxunto social, máis ou menos a gosto, sitúase nunha esquerda de cámbio social. Por todo o dito cómpre dialogar, solidarizarse e confiar na maioria maltratada do povo galego. Todas as alienacións habidas e por haber caen co diálogo, a acción social é proba a dar de realismo transformador por parte dos "nacionalistas galegos" que aceden ao poder.

Galiza ten hoxe "camiñantes" que fan camiño para recuperar a esperanza dos "irmandiños", dos galeguistas do XIX e dos que no 36 foron defraudados. □

AREA DE COMUNICACIÓN

DE MARISCOS DE GALICIA

CON TÓDALAS DA LEI

As normas polas que se rexe a campaña marisqueira regulan a extracción e primeira venda dos productos do mar, en canto as especies, tamaños, artes, horarios, puntos de venda... para que o marisco sexa un marisco de lei.
Recoller, comercializar ou consumir exemplares inmaturos contribue a impedi-la reproducción, esquilma-los bancos, diminui-la producción e a calidade. É burla-la lei.
Esixi-lo marisco dentro da lei é a mellor garantía para os mariscadores, comercializadores e consumidores.
É cumprir unha lei en beneficio de todos.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA
MARISQUEO E ACUICULTURA

PATRIMÓNIO FORESTAL

A *Campaña para o Fomento da Producción Forestal* admite o pino e eucalipto

A Xunta subvenciona a planta de árbores para produción de pasta de papel

■ G.L.T.

A *Campaña para o Fomento da Producción Forestal*, promovida pola Conselleria de Agricultura, extenderá ainda máis a superfície total de pino e o eucalipto que xa ocupan 550.000 e 250.000 hectáreas respectivamente. A redación da orde de 11 de Xuño deste ano, para a axuda a silvicultura, ten a ambiguedade precisa para poder subvencionar por xunto *espécies autóctonas ou asimiladas* en tanto que nos viveiros da Xunta hai só plantóns de pinos e eucaliptos.

Unha vez recusado pola CEE o intento do anterior conselleiro de Agricultura, Francisco Sineiro, de obter subvencións comunitárias para a extensión de espécies de rápido crecemento, a Xunta exténde a vixéncia da Orde de 11 de Xuño pola que finánciа até un 90 por cento a "restauración, plantación, mellora e reposición con espécies autóctonas ou asimiladas, dirixidas a rexenerar ou crear masas naturais que permitan a conservación dos valores propios do meio natural, nos que o fin principal non sexa o produtivo". A amplitude de interpretación permite ao Governo Autonómico evitar a negativa da CEE a considerar reforestación o que non é mais que cultivo. Das catro liñas de axuda prescritas, a mellor subvencionada e a que ten prioridade é precisamente esta, que atinxe ás especies asimiladas (pino e eucalipto) baixo o capítulo de restauración. "O terceiro capítulo —explica no limiar da Orde— fomenta a criación, restauración, mellora e reintroducción de bosques autóctonos e masas forestais productivas para incrementar o património natural e forestal da comunidade galega, mellorando a sua calidade de vida mediante a potenciación dos seus recursos económicos naturais".

O titular da Conselleria de Agricultura tense referido públicamente á exclusión do eucalipto indicada no apartado C, capitulo 2 polo que se subvencionan con até un 40 por cento as plantacións, sementeiras, repoboacións forestais e segundas repovoacións con espécies frondosas non autóctonas con exclusión do eucalipto. O texto no que se apoia o Conselleiro de Agricultura para proclamar que os fondos públicos servirán para extender as frondosas, está aberto a solicitantes que queiran explotar espécies de crecemento rápido e non esixe nengun estudo prévio nen garantia de que o que se vai plantar coma espécies *autoctona ou asimilada* ocupase previamente o espácio a reforestar. Tamén non prevé copmprobación de nengunha caste sobre o destino final da madeira que se poda obter con estas replantas.

A prórroga da Orde de 11 de Xuño anunciase como unha contramedida dos efectos dos incéndios pero só podera favorecer novas accións dos pirómanos, ao tempo que benefie directamente aos proxectos de *Papelga* e *Eurogalicia Forestal* para producir pasta de papel por procedemento mecánico e químico a partir de espécies pirófitas. Por outra parte, *Adega* ten anunciado que demandará á Xunta — que favorece abertamente as duas iniciativas da finesa *Tampella* e da sueca Stora— por incumprimento da actual lexislación ambiental e, no seu caso, trasladará a denúncia á CEE.

Novo informe sobre Papelga

O catedrático de Química Analítica da Universidade de Santiago fixo público un informe sobre un segundo estudo de impacto ambiental que presenta *Papelga*. O estudo non considera a fábrica de pasta de papel estucado (*LWC*) por procedemento mecánico, a central mixta de electricidade-gas-vapor e o armacén de produtos químicos como actividades molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, o que obrigaria a instalar o complexo industrial a unha distáncia mínima de dous mil metros do núcleo máis proximo de povoación. O estudo de Papelga situa as áreas habitadas a catrocentos metros ainda que, como sinala o profesor Bermejo, a própria empresa promotora fai fincapé en que non coñece a ubicación da fábrica que por outra banda pretende duplicar en prazo breve. Na crítica do estudo de impacto ambiental, nótase a auséncia de planificación hidrolóxica ou do proxecto de emisário para vertido a mar desde terra de augas residuais.

De outra parte, a empresa *Celulosas da Beira Industrial, Celbi* integrada no grupo sueco *Stora* vén de celebrar en Portugal o vintecinco aniversário da sua instalación en Figueira da Foz. O ministério de Agricultura de Portugal informou negativamente a solicitude da empresa para ampliar a capacidade da fábrica de pasta de Figueira, de 250.000 a 800.000 toneladas ano. Tense observado que a ampliación da capacidade da *Celbi* absorberia a capacidade de producción de madeira pasteábel de ciclo curto do Norte de Portugal e da Galiza.

O governo portugués indica no seu informe que a factoria ampliada da trans-nacional sueca exerceria unha forte presión sobre a ocupación do território e sobre o eucalipto. Esta opinión do governo de Lisboa oponse ás recentes manifestacións do conselleiro de Agricultura da Xunta que di favorecer a reforestación do país ao tempo que se declara manifestamente partidário de instalar a celulosa da *Stora* en As Pontes de Garcia Rodriguez. Membros da *Plataforma pola Explotación Racional do Monte* que asisitiron aos actos do 25 aniversário da *Celulosa da Beira Industrial* en Figueira indican que as opinións en contra da extensión do eucalipto son cada vez máis numerosas en Portugal. Os casos de acuíferos esgotados por plantacións desta espécie son numerosos e teñen provocado protestas críticas de agricultores. O grupo, que xa ten explotacións de eucaliptos en Córcores, Portela da Lama e Irixo, pretende extender este tipo de cultivo aos montes en man comun. A prol destas contratas xogan o avellecemento da povoación, o abandonismo das aldeas e mesmo os incéndios. A Xunta permítelles agora dispoñer de subvencións ao 90 por cento para espécies *autóctonas ou asimiladas*. O resto complétano campañas de propaganda coma a da *Tampella* que anuncia que vai gastar 500 millóns por este concepto. En Portugal, a *Celulosa da Beira Industrial* ofereceu bolsas por vinte millóns de escudos para investigar o eucalipto. □

TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS

O comércio dos perecedeiros depende totalmente do précio do petróleo

A folga de camioneiros pon de releve os erros dunha política de transporte que só atende ás estradas

■ G.L.T.

O ministro de Transportes, José Barrionuevo, reclama do titular de Interior que interveña contra os folguistas do transporte. Con este recurso, o ex-ministro de Interior renova a práctica que o fixo tristemente popular de fumegar gases lacrimóxenos sobre o que é de feito consecuéncia dunha pésima dirección política.

A NOSA TERRA

Este critério, do que participa o governo González, de presentar como asunto de orde pública o que na realidade é un fondo problema de plantexamento politico e económico, pode conducir a maiores momentos de tensión e perxudica moi singularmente á Galiza, cun sistema de produción que depende do transporte de perecedeiros. A folga deixa en franca evidéncia as debilidades do sistema público de transportes. A rede ferroviaria galega non só e mínima e insuficiente para o transporte interior senón que se revela como un imposto para a exportación pola penalización comparativa que as meias horárias supoñen para competir nos mercados exteriores.

Nas políticas de transporte dos paises fundadores da CEE figura a atención do Estado ao ferrocaril como sistema que require un investimento alto, inabordábel fora da esfera pública, pero que resiste competitivamente as oscilacións de précio das fontes de enerxia. O précio de trasladar unha tonelada por tren é o segundo máis barato despois do transporte fluvial.

Dentro dunha relación competitiva de velocidades, o précio máis caro corresponde ao do transporte rodado, coa agravante de que é moito máis vulnerábel á mínima oscilación dos précios dos carburantes, como nestes dias deixan ben patente os camioneiros nas estradas de todo o Estado.

A vella reivindicación dunha via de tren para poder vender a pesca no interior da península non se cumpriria totalmente co desenvolvemento de modernas unidades frigoríficas sobre vias rápidas. Pola contra, o crecemento da indústria do conxelado e pesca en fresco dependeria cada dia mais do transporte rodado refrixerado, do que a Galiza ten a primeira frota de Europa. Pero esta circunstáncia, que o ex-ministro de Transportes Abel Caballero ensalza cun infantil critério cuantitativo, non é tanto un mérito como a mostra do esforzo que os empresários galegos houberan de facer para suplir as gravísimas e crónicas caréncias do transporte público.

É evidénte que son necesários meios de comunicación e, entre eles, autovias. Pero a folga de transportistas lémbranos o que pode acontecer se o país aposta exclusivamente polo transporte rodado nun futuro no que o petróleo non volverá a baixar de précio. □

■ **Detido un garda civil acusado de sindicalista.** Xosé Piñeiro foi detido na sua casa de Vigo por catro compañeiros do Corpo na mañanciña do Mércores 17, acusado de sedición por perteñecer ao Sindicato Unificado da Garda Civil.

Xosé Piñeiro, despois de ser trasladado A Coruña, ingresou na prisión de Alcalá de Henares por orden do Xuiz Togado Militar desta cidade, que fora quen dera a orde de arresto.

O Garda Civil encadeado está nunha lista de nomes que posue o Ministério do Interior para expulsar da Benemérita aplicándolles a nova lexislación que pena con expulsión calquer actividade sindical.

A dirección do SUGC afirma nun comunicado que este garda galego non pertence á sua organización.

Xosé Piñeiro, de 33 anos, con 10 dentro do Corpo, estivo destinado en Euzkadi e agora estaba tramitando o pase á reserva xa que leva vários meses de baixa por enfermidade.

Este é o segundo garda civil detido na Galiza por a suposta pertenéncia ao SUGC. O primeiro foi Miguel Garcia, de Ourense, quedando ao pouco en liberdade.

Representantes de partidos políticos democráticos interesáronse pola situación dos detidos e a represión que sufren aqueles que tentan que a institución fundada polo Duque de Ahumada entren aires constitucionais. □

■ **Juncal candidato do PP a alcaldia de Moaña.** A xunta Local do PP de Moaña elexiu a Sebastián Juncal como candidato a alcaldia de Moaña. Ramón Lago, que ocupaba a dirección moañesa do Partido Popular xa anunciara a sua candidatura polo que se produce un enfrentamento entre a chamada *vella garda* e os *novos* no PP.

Semella que a dirrección do partido apoia a Ramón Lago, pero, agora, Juncal quere enfrentarse a Mariano Rajoy co respaldo da sua Xunta Local.

Juncal foi o alcalde da localidade nos últimos anos do franquismo e non deixou moi bó recordo pola sua atitude moi en consonáncia cos tempos que corrian e outros *affaires* dos que se recordan ainda moitos moañeses. □

■ **Procesos eleitorais no Leste.** As eleicións locais celebradas na antiga República Democrática Alemana depararon un claro trunfo para o partido do chanceler Helmut Kohl. Os democristianos da CDU contaron no Leste cos servícios de gran parte do antigo aparato estatal, dado que o partido non deixou de existir durante coarenta anos, ao estar aliado ao SED (antigo partido comunista).

Tamén en Hungria se celebraron eleicións locais, neste caso a segunda volta que, como a primeira, rematou cunha elevada abstención: non chegou a votar nen un 30% da povación. Dase a circunstáncia de que o 70% dos candidatos eleitos son independentes e o 80% deles xa desempeñaran anteriormente os mesmos cargos nos concellos.

Precisamente a onda de cámbios nos paises do Leste foi un dos argumentos centrais, xunto coas iniciativas que deron pe ao fin da Guerra Fria, á hora de conceder o Nobel a Mijail Gorbachov quen estes mesmos dias se encontra a médio dunha gran discusión sobre o plan económico

O GOVERNO GALEGO APROBA OS ORZAMENTOS PARA 1991

O Conselleiro de Economia confia na iniciativa privada e culpa a Madrid das restricciónS

A Xunta conxelará os investimentos públicos no 1991

■ M.V.

Unha "tremenda selectividade" nos investimentos produtivos, asi como unha contención do gasto corrente, serán as consecuéncias inmediatas para Galiza, segundo o Conselleiro de Economia, Xosé António Orza, das "restricións económicas marcadas polo Estado" e da "dependéncia financeira" do noso país. Vistos os orzamentos previstos para 1991, Orza recoñeceu que os compromisos da Xunta poderian resentirse, sinalando ademais que a responsabilidade correspondia "aos sectores privados", dos que dixo que "ainda que apoiados pola Xunta, nós non podemos sustituilos".



PABLO VIZ

Non se realizarán investimentos públicos na construción que tiren da economia, como sucede en Andalucia ou Cataluña. As autovias agardarán até o 95.

As restricións económicas marcadas desde o Estado con anterioridade a crise do Golfo teñen o seu paralelismo nos orzamentos aprobados pola Xunta para o ano 91. Asi o recoñece o governo galego, quen por outra parte non deixa de lembrar a escasa autonomia financeira de Galiza.

O Conselleiro de Economia Xosé António Orza, foi o primeiro en calificar este marco financeiro de "restrictivo" e todo fai supoñer que o crecemento orzamentário para o ano próximo andará ponto arriba, ponto abaixo, do medre do IPC, o que está moi próximo do estancamento ecónomico ou do "crecemento negativo" como sinalou CCOO.



Segundo a Consellaria de Economia un modelo financeiro que fai equivalente o recaudado polo Estado en Galiza co posteriormente transferido a esta, "non serve para atender as novas demandas dos seus cidadáns, ao tempo que non contribue a correxir as desigualdades territoriais nos níveis de prestación de servicios".

O governo autónomo sinala ademais que "a falta de autonomia financeira que se manifesta tanto na imposibilidade de decidir o volume de ingresos como na limitacións no gasto, posto que a maioria das subvencións son condicionadas, conleva unha forte dependéncia de decisións alleas, que son próprias do Governo Central".

A dependéncia financeira ven sumarse asi ao novo marco restrictivo a nível de Estado, afirma o governo galego.

Espectacular descenso relativo do financiamento

O financiamento a Galiza, en función da porcentaxe de participación nos ingresos do Estado, medrará no ano 91 nunha porcentaxe do 8.21%, o que supón un forte parón e marca o acento na tendéncia descendente do mesmo. Asi o incremento no ano 1989- 90 fora do 13,02%, no 1988-89 do 19,06% e no 1987-88 do 23,98%. O clima restrictivo, estabelecido polo governo do Estado, é polo tanto anterior, como sinala o Conselleiro de Economia, á própria crise do Golfo.

A política de restricións afecta tamén ao Fondo de Compensación Interterritorial cuxas asignacións a Galiza aumentarán para 1991 nun 9%, o que contrasta grandemente co aumento do 20% do ano anterior. E outro tanto se pode dicer da financiación incondicionada, non financeira, é dicer, excluida a Débeda Pública. □

OS SINDICATOS PREVÉN UN CRECEMENTO DO PARO

O GOVERNO FRAGA ANTE O PARÓN ECONÓMICO

MANUEL VEIGA

Os inquéritos sinalan unha espectativa de voto ao PP superior nun díxito ao das últimas eleicións autonómicas. Fraga beneficiase da sua imaxe decidida, do eco que as suas palabras alcanzan alén de Pedrafita, superior ao de calquer presidente galego anterior, pero sobretodo, está a tirar partido de que ainda non superou o periodo temporal das promesas. Faltan os feitos concretos.

O afrouxamento no ritmo de medre da economia española nos últimos meses —o chamado requentamento—, agravado polas consecuéncias da elevada taxa de dependéncia petrolífera está a repercutir xa sobre Galiza, en concreto no tocante aos Orzamentos do 91, recén aprobados pola governo galego.

Xosé António Orza recoñece que o medre dos orzamentos probabelmente apenas supere o próprio crecemento do Indice de Précios, o que significa case literalmente que a economia pode estancarse. Se isto resulta que é plantexado nun panorama económico como o galego, que viu reducir en 50 mil traballadores o número de ocupados na indústria na última década, cabe deducir que a "esperanza" de Fraga "no desenrolo das moitas posibilidades de Galiza nos próximos anos" e na ruptura "da sua perificidade através dun moderno sistema de autovias que será unha realidade na presente década", manifestada recentemente na introdución ao volume da *Enciclopédia Económica das Autonomias* dedicado a Galiza, non quede máis que en fume de pallas.

Porque todos os datos din o contrário. Os orzamentos do 91 anúncian xa un recorte dos investimentos. Galiza non vai resarcirse, polo de agora, do retraso secular sobre outras comunidades. E a política do PP en Galiza, certamente marcada pola do PSOE no Estado, tampouco axuda nada á recuperación. Segue incurrindo no ideoloxismo habitual. "Confianza na iniciativa privada", insiste o Conselleiro de Economia, ante a constáncia do desvalimento que depara o Estado central. Pero onde está a iniciativa privada no desenvolvimento da economia galega? Onde estivo todos estes anos? E por que caberia esperar un cámbio ante tan mouras espectativas?

Mentres en Andalucia, Cataluña e Madrid a locomotora económica —fornecedora de emprego— segue a ser o investimento público, nomeadamente através da construción, aqui os investimentos públicos estatais son case nulos e os da própria comunidade redúcense. A locomotora non existe nen vai existir o ano próximo e o seguinte. O PSOE en Madrid decide e o PP en Santiago asinte. Todo por ben da armonia do Estado. Todo a causa da visión estatalista do PP, demasiado mediatizada pola história como para recoñecer a evidéncia, cada vez máis nídia para todos, de que os intereses de Galiza non sempre coinciden cos españois.

Fraga aceitou que as autovias non se construan ate o 95. Que faremos mentres tanto? Os sindicatos xa anunciaron a sua previsión, á luz dos orzamentos do 91: aumento do paro.

Ten previstas Fraga as repercusións eleitorais da sua política ou, mellor dito, da sua carência de política? □

> "CONFIANZA NA INICIATIVA PRIVADA INSISTE O CONSELLEIRO. PERO ONDE ESTÁ A INICIATIVA PRIVADA NO DESENVOLVIMENTO DA ECONOMIA GALEGA?

ELEICIÓNS SINDICAIS

PROVINCIA	UGT	CCOO	CIG	USO	CNT	CSI	USGANON AFILIADOS
PONTEVEDRA	196	205	168	4	0	1	9
A CORUÑA	267	171	159	9	0	1	13
OURENSE	172	94	53	0	0	41	3
LUGO	65	18	28	8	0	4	1 0
GALIZA	700	488	408	21	0	47	1 25

Transcorridos os primeiros quince dias do periodo de eleicións sindicais percíbese xa o incremento do número de eleicións realizadas e polo tanto do número de delegados eleito, un 75% máis alto que na mesma altura do proceso anterior. Diariamente realízase unha média de 200 eleicións noutras tantas empresas.

UGT, CCOO e CIG son as centrais que acaparan a case totalidade dos delegados. Ainda que cun reparto bastante igualitário entre as tres, a UGT é a que polo de agora se destaca, seguida de CCOO quen se está a beneficiar, nestas primeiras xornadas, da realizacións dos preavisos. A CIG logrou até o momento perto dun 25% dos delegados eleitos. □

■ **Comezan as relacións entre as duas Coreas.** O clima de distensión que recorre o mundo (Sudáfrica, Afganistán, Angola, Libano...) e nomeadamente as perspectivas de solución daquelas divisións nacidas da II Guerra Mundial e a Guerra Fria alcanzan agora a Corea, dividida desde hai máis de coarenta anos en dous Estados antagónicos ideoloxicamente.

O primeiro ministro surcoreano, Kang Young, realizou esta semana unha visita histórica a Pyongyang, capital de Corea do Norte. O encontro dos dirixentes de ambos paises constitue a segunda ronda dunhas conversacións iniciadas hai várias semanas. O fin do proceso poderia ser a unificación de ambos Estados.

Polo de agora só é posíbel observar as boas intencións, pois os elementos de división son ainda moitos. Corea do Norte solicita a supresión total das maniobras militares que adoitan a realizar os Estados Unidos no Sul, ao tempo que propón unha representación rotatória nas Nacións Unidas. O Sul, en cámbio, é partidário de que cada país presente a sua candidatura ante a ONU e só está disposto a reducir as manobras dos norteamericanos, pero non a anulalas por completo. □

■ **A muller líbia sen velo.** Ao pasear polas ruas de Tripoli hai algo que chama a atención de calquera que teña lido algo sobre a situación da muller no mundo árabe: vense unha gran cantidade de mulleres pola rua e a maioria sen velo.

"Antes do 79 non habia nengunha muller na rua e se saía era envolta completamente no velo, só levaban ao ár os ollos", afirma a feminista Líbia, Marian Nassare.

"A participación directa da muller está completamente aberta desde o ponto de vista legal, afirma. O problema está en que a muller, por si mesma, vive un gran atraso debido á tradición e á situación que vivian antes da revolución".

"A persoa, sexa home ou muller, sinala esta feminista, non pode ser libre porque haxa unha lei, se vive unha situación de esclavitude interna. Asi o obxectivo actual é criar un ambiente de participación efectivo".

Líbia conta cos medicamentos máis modernos para a planificación familiar. Pero este non é un problema que preocupa a Nassare. "Aqui, sinala, non vivimos ese problema, porque Líbia é un pais imenso (tres veces e média o território do Estado español) con só catro millóns de habitantes. Nós coidamos que hai que aumentar a povoación e o Estado estabelece axudas ás famílias numerosas. Pero non hai nengunha lei política que interveña neste asunto, esta é unha decisión persoal do pai e da nai". □

■ **Folga de Fame en Endesa.** Dous traballadores da empresa Endesa de As Pontes comezaron unha folga de fame na Casa Consistorial para protestar contra a firma do *pacto de eficácia limitada* realizada polos sindicatos CC.OO. e ATE. Os sindicatos nacionalistas e UGT, maioritários no comité de empresa consideran que esta firma é o primeiro paso para comezar a reconversión na empresa.

Ademais da folga de fame de Xosé Luis Sánchez e Recardo Teruel, a segunda que comezan os traballadores, vaise celebrar unha manifestación na vila, con peche do comércio incluido e outra manifestación en Madrid. □

CONFLITOS NOS CONCELLOS

Por participar en votacións de asunto que lle afectan

Paco Vázquez recusado pola oposición

■ M. BERTOJO/A CORUÑA

O alcalde de A Coruña, Francisco Vázquez, rexeitou do Pleno Extraordinario do día 15 a criación dunha comisión municipal investigadora das suas posíbeis responsabilidades nos asuntos urbanísticos da cidade, proposta polo Grupo Popular do Concello. As descalificacións e un ton bastante ágrio caracterizaron as intervencións do portavoz deste grupo, Cesar Lendoiro. "Non presuma vostede de boa xestión no Concello, xa que ao frente de Illan o fai ainda moito mellor". Ou "non é legal, non lóxico, nen ético que vostede sexa xuiz e parte no desenvolvemento urbanístico de A Coruña". Foron algunhas das apostillas na intervención do concellal do Partido Popular (PP).

XURXO S. LOBATO/ARQUIVO

Francisco Vázquez pon as suas decisións a disposición do fiscal.

Francisco Vázquez mantén as suas posicións iniciais: "(...) reafirmo tanto o manifestado e declarado durante o Pleno anterior como no de hoxe, que é o que constituen os feitos, comprobábeis e demostrábeis todos eles, através da documentación pública". "(...) A ninguén se lle escapa que detrás de tódas as declaracións, sen nengun tipo de base de proba, e detrás de todas as afirmacións aventuradas o que se encobre son dous estilos diferentes de facer política". "(...) Non respondendo á miña invitación pública dicindo que, as portas do xulgado están abertas as vintecatro horas do dia, e que si en algo hai algunha actuación irregular que se denúncie e se demostre. Mais alá das palabras que o que recollen é a incapacidade persoal para facer política e para debatir, máis ala de todo eso —indico: ese non é meu estilo—, eu non participarei nunha nun encanallamento da vida política".

A continuación, seguiu a sorpresa: "(...) como xa fixen hai dous anos, noutra campaña orquestrada intentando implicacións, reprobábeis a nível persoal e político, como fago hoxe, que se intenta afectar tamén a terceiras persoas, na medida en que, ás veces, o ódio non ten límites, quero indicarlles que, tal e como fixen hai dous anos e fago hoxe, teño dirixido un escrito oficial ao fiscal xefe do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia (...)".

Neste escrito, Francisco Vázquez remite as informacións e manifestacións aparecidas nos distintos médios de comunicación, nas que se teñen denunciado as supostas irregularidades nas actuacións urbanísticas do Alcalde, para que sexa o Fiscal Xefe quen investigue a veracidade ou non das mesmas, e que, á vista das dilixéncias correspondentes, se proceda como en direito corresponde. "Son o primeiro político español que solicita a intervención de ofício da xustícia para ser investigado, tanto a nível persoal como a actuación pública e política que como Alcalde poida ter". Con estas palabras pechaba o rexidor coruñés este Pleno Extraordinario solicitado polos concellais do Partido Popular (PP) e Centro Democrático e Social (CDS).

Recusar ao Alcalde

O pasado sábado, día 13 de Outubro, representantes da coalición Esquerda Unida (EU), Partido Socialista Galego-Esquerda Galega (PSG-EG) e Bloque Nacionalista Galego (BNG), facian entega no rexisto municipal do concello coruñés dunha instáncia, dirixida ao Pleno da Corporación Municipal, para que proceda a recusar a participación do alcalde nos procedimentos relativos ao Plan Parcial de Mato Grande e Plan Especial de Reforma Interior do Paseo das Pontes. Segundo o comunicado afirmaba, "desexamos mostrar a nosa firme oposición ás infraccións urbanísticas nas que incorren ambos os dous plans en perxuício dos futuros e dos actuais residentes na zona, e en beneficio dos proprietários privados do solo nos devanditos polígonos, entre os que se atopan o Alcalde do Concello de A Coruña, a sua dona e varios irmáns desta".

"Tendo en conta esta situación, segue o comunicado, o Alcalde deberia absterse no procedimento relacionado cos devanditos plans, en cumplimento do que se dispón na Lei de Bases de Réxime Local e na Lei de Procedimento Administrativo. Denunciamos o incumprimento, por parte do Alcalde, destas disposicións legais". Segundo estas disposicións, o Alcalde debe convocar, no prazo de quince días, un Pleno da Corporación Municipal, para que sexa este o que resolva o que considere pertinente. Mentres no se tome esta resolución, os procedimentos dos devanditos Plans deben quedar en suspenso, de acordo coas disposicións legais urxentes.

Para os concellais da oposición a auséncia do Alcalde no Pleno Ordinário convocado para as once da mañán, que debía aprobar a delimitación do Parque Maria Pita —contemplado no Plan Especial de Reforma Interior (PERI) do Paseo das Pontes—, e que precedeu ao Pleno Extraordinario no que si estivo presente, supón que Francisco Vázquez entende a sua obriga de ausentarse no debate e votación de asuntos que lle afectan, xa sexa directa ou indirectamente.

Segundo a recusación apresentada polos grupos, EU, PSG-EG e BNG: "Esta obrigación consta nos artigos 183, 184 e 185 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, asi como nos artigos 21 e 22 deste mesmo Regulamento, (...) los miembros de las Corporaciones Locales deberán abstenerse de participar en la deliberación, votaión, decisión y ejecución de todo asunto cuando concurra alguna de las causas a que se refiere la legislación de procedimiento administrativo y contratos de las Administraciones Públicas (Art. 21)".

O artigo 20 da Lei de Procedimento Administrativo di o seguinte: "La autoridad o funcionario en quien se dé alguna de las circunstancias señaladas en el párrafo siguiente se abstendrán de intervenir en el procedimiento y lo comunicará a su superior inmediato, quien resolverá lo pertinente". "Son motivos de abstención los siguientes: a) Tener interés personal en el asunto o ser administrador de sociedad interesada (...)". b) Parentesco de consaguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesados y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento".

Continua o texto da recusación nos seguintes términos: "Incumplindo estas disposicións legais, o Alcalde participou en vários Plenos da Corporación Municipal, nos que se tomaron acordos relacionados co Plan Parcial de Mato Grande e co PERI do Paseo das Pontes". A continuación se refiren alguns destes Plenos con datas deste ano: 10 de Xullo de 1989, "Aprobación de la Escritura de la Junta de Compensación de Mato Grande, Escritura Notarial de adhesión a la Junta de Compensación". Sigue textualmente, "Nesta data, Illano, S.A., á que pertenecian os irmáns da dona do Alcalde (segundo grado de afinidade) era proprietária de terreos no Mato Grande... Como dixo o mesmo Alcalde ao remate da sua intervención "A partires deste momento, calquera cuestión á cal vostedes se queran referir, teñen a información aberta do fiscal xefe do Tribunal Superior de Xusticia". □

A SITUACIÓN SOCIAL NA GALIZA

O número de embarazos de adolescentes na Galiza duplica case a média estatal

■ M.V.

O número de mulleres embarazadas, de idade comprendida entre os 15 e os 19 anos, acada en Galiza o 10,60% do total. En concreto, o número de mulleres embarazadas nesa etapa de idade foi en 1985 de 3019, entre un total de 28.486 partos (dados do último movemento de povoación publicado polo Instituto Nacional de Estadística). En menores de 15 anos producíronse unicamente 10 casos.

No conxunto do Estado somente un 6,46% das embarazadas tiñan entre 15 e 19 anos, o que significaba, para o mesmo ano, 29.445 embarazos en adolescentes, dun total de 455.719 partos. Ao igual que en Galiza o número de embarazos en menores de 15 anos era mínimo, só 210 casos.

Tamén o número de mortes fetais tardias no caso das embarazadas, menores de 20 anos, é notoriamente máis alto naGaliza que no resto do Estado. A porcentaxe de mortes fetais en embarazos adolescentes supón, en concreto, o 11,68 do total de mortes fetais no noso pais, porcentaxe que só alcanza o 7,09 no conxunto do Estado.

Prever os embarazos na adolescéncia

Os efeitos negativos do embarazo na adolescéncia, para a nai e o neno, son sinalados nas estratéxias de Nairobi, adoptadas polos paises membros da Organización de Nacións Unidas na Conferéncia Mundial para o exame e a avaliación do decénio para o avance da muller, no capítulo dedicado á saude.

A urxéncia de atallar este problema é sinalada por Rosa Miguelez, nunha proposición non de lei apresentada polo grupo parlamentário socialista á cámara galega.

Segundo Miguelez compriria un programa educativo sobre a sexualidade e a anticoncepción dirixido especialmente á xente nova. Este material seria distribuido nos centros sanitários públicos, nos servícios sociais comunitários e, nomeadamente, nas asociacións de mulleres, xovenes, centros educativos e concellos.

Este plan contaria tamén coa adecuación do funcionamento e atención gratuita á povoación nova, "especialmente a de meirande risco", dos centros de saude e de planificación familiar existentes ou de nova criación. □

EMBARAZO E ADOLESCÉNCIA

	Galiza	%	Estado	%
Número de partos en menores de 20 anos	3.029	10,63	29.655	6,51
Número total	28.486	100	455.719	100
Mortes fetais tardias en menores de 20 anos	23	11,68	209	7,19
Total de mortes fetais	197	100	2.907	100

Fonte: Dados do último Movimento de Povoación publicado polo Instituto Nacional de Estadística. 1985.

CONFLITOS NOS CONCELLOS

Revocado o auto de procesamento contra o alcalde e dez viciños máis concluindo que o responsábel do enfrentamento foi o alcalde demisionário

Dase por pechado o conflito de Allariz

■ A.E.

A Audiéncia Provincial de Ourense revocou o auto de procesamento ditado contra once viciños de Allariz, entre eles o actual alcalde Anxo Quintana polas protestas populares que levaron á dimisión do alcalde Pérez Camba. A senténcia foi acollida con enorme ledícia polos alaricanos, considerando que, deste xeito, "queda pechado xa o conflito e pódese recuperar tanto a normalidade política como a convivéncia viciñal".

Anxo Quintana, alcalde de Allariz

"Independentemente dos resultados que se den en próximas eleicións municipais o que queda claro é que, governe quen governe, non o poderá facer de costas ao povo pois os viciños van fiscalizar a actuación municipal". Esta seria unha das conclusións máis importantes que se desprenden da senténcia absolutória de once viciños de Allariz acusados de sedición e coaccións, segundo Francisco García Suárez, concelleiro e responsábel de organización do BNG, forza governante no concello alaricano.

Para García Suárez a senténcia é "exemplarizante, no aspecto negativo", para o PP, póndolle de manifesto que non pode tentar xudicalizar a vida política, e para todos aqueles que empregan a máxima de *prefiro a inxustiza á desorde*".

Os viciños de Allariz acolleron o fallo da audiéncia con eufória manifesta que se desbordou na celebración dunha asemblea viciñal. A ledícia viña polo que lles afecta á vida persoal destas once persoas, pendentes de cadea, como a que "quedase demostrado o carácter político do conflito", en palabras do alcalde Anxo Quintana.

Na asemblea viciñal os responsábeis do BNG afirmaron que con esta senténcia queda "pechado o conflito" e que agora xa non ten que haber "enfrentamento entre as distintas ideoloxias nen entre viciños".

Francisco García Suárez manifestou que a decisión da Audiéncia "por máis que non sente xurisprudéncia, consagra un aspecto que pode quedar de exemplo para toda Galiza: que a batalla por defender os direitos dun povo non é cara e que, ademais non ten custes persoais".

O culpábel do conflito, o alcalde dimisionário

A senténcia, que contradi o auto de procesamento ditado pola xuíz Ánxeles Domínguez, acuda durante o conflito de estar ao servício do PP, considera que o desencadeante do conflito foi a atitude do alcalde cando os sucesos, Pérez Camba, que non quixo convocar o pleno solicitado pola quinta parte dos concelleiros, "o que determinou a intervención do Governador civil e da Consellaria da Presidéncia reclamando a convocatória do pleno"; o paralisar o funcionamento do concello e o cortar calquer posibilidade de discusión.

Esta situación levaria, segundo a senténcia, á ocupación da casa consistorial.

Afírmase tamén "que a situación de anormalidade municipal criada en Allariz en Agosto de 1989 ten un carácter estrictamente político que precisa, se non se fixo, de solucións desa condición".

Tamén se afirma que na atitude dos cidadáns non existiron *cabecillas* como presión política, ao terse pechado calquer via non por falta de previsión legal senón pola negativa fundada de quen está obrigado a resolver as cuestións planteadas.

a sala entende que ainda que presionar ao alcalde para que dimita é "unha acción reprochábel non resulta que ese proceder determinase a dimisión do ofendido".

Para o BNG queda asi "desmontada a manobra de Leopoldo Pérez Camba e de Vitorino Núñez". □

SUSCRÉBASE A
A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

(Para remitir a A Nosa Terra unha vez cuberto en MAIÚSCULAS)

NOME .....
APELIDOS .....
ENDEREZO .....
TELÉFONO .....
POVOACIÓN .....

Suscrébame ao periódico A Nosa Terra por un ano/semestre ao précio de:
Galiza/Estado/Portugal ..... 5000 pta/ano. 2600 semestre
Europa 6700
América e resto do mundo 8500

a) Subscricións para o Estado español.
☐ Talón bancário adxunto.
☐ Reembolso (máis de 130 pta.)

b) Para o resto do mundo.
☐ Cheque bancário adxunto.
☐ Xiro Internacional a nome de A Nosa Terra. Apartado 1371 - Vigo.

PAGO DOMICILIADO,
NESTE CASO COBRIR OS DADOS DO BOLETÍN ADXUNTO.

BANCO / CAIXA DE AFORROS .....
CONTA / LIBRETA .....
TITULAR CONTA OU LIBRETA .....
NÚMERO DA SUCURSAL .....
POVOACIÓN .....
PROVINCIA .....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lles sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

DATA ATENTAMENTE (ASINATURA)

A información que paga a pena ter.

O MELLOR DOS MUNDOS

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis
Felipe González

O presidente, Manuel Fraga, tan falador hai anos, opta agora polo siléncio desde a cámara galega. Nada dixo ante as críticas do BNG pola concesión da *Medalla Castelao* a **Moure Mariño**, autor entre outras cousas de textos insultantes contra o próprio Castelao durante o franquismo. Fraga amosouse, en cámbio, orgulloso de apresentar o último libro de Moure Mariño o pasado Martes en Santiago. A obra consiste nunha coleción de contos e foi editada por *Caixa Galicia*.

Na Universidade Popular de Vigo están moi extrañados polos últimos acontecementos. Até agora non dera comezado o curso por falla de médios económicos e materiais, pero de súpeto esta semana os asistentes viron chegar unha brigada de obreiros municipais, un cargamento de plantas, adornos e botellas de champán. Posteriormente enteráronse de que se preparaba unha **comilona** de xefes de seguridade dos concellos.

O Foro de Economia do Banco Pastor comezou en Vigo cun seminário sobre a construción naval ao que asistiron empresários, autoridades e sindicalistas. As declaracións oficiais foron moi optimistas para o futuro da construción naval, pero os debates celebráronse a **porta pechada**.

Francisco Vázquez está moi afectado polas últimas críticas á sua xestión urbanística e a da sua muller. Tan nervoso está que o outro dia tivo unha forte discusión con Antolín S. Presedo. Tranquilos, home! Aí tedes a Soto que atura o que faga falta.

Din que moitos dos gandeiros participantes hai uns dias nas tractoradas dedicáronse a felicitar aos camioneiros en folga, ofereceéndose para recoller os produtos que se deterioraban. Foi máis que nada para corresponder. Como se ve, non hai nada mellor que a **solidaridade**!

Os estudantes composteláns que se manifestaron en protesta polas mortes da discoteca Glangor utilizaron un insulto moi curioso, chámaronlle aos colocadores da bomba: **exército**, simplesmente.

Hai moitos que non o saben, pero **Cuiña** significa o mesmo que Pujol, é dicer *pico dun monte*. Polo de agora só se parecen niso e en seren os dous pequenos de estatura. □

Toda a Axuda Para Unha Gandería Máis Rendable.

A gandería de vacún está atravesando, en Galicia e en España, uns momento moi difíciles. Necesita a axuda incondicional de tódalas Institucións públicas.

A Xunta de Galicia ofrécelle ós gandeiros un conxunto de subvencións. A eles é ós que me dirixo desde aquí, para invitalos a que boten man destes apoios económicos. Temos que lograr, entre todos, unha gandería máis competitiva e rendable".

José Manuel Romay Beccaría
Conselleiro de Agricultura
Gandería e Montes

Para consegui-la mellora de todo o gando, a Xunta está aplicando o servicio da gandería galega todos estes apoios e subvencións, que forman parte dun amplo abano de medidas o servicio da gandería galega, co fin de facela máis competitiva e rendable.

CAMPAÑA DE SANEAMENTO GANDEIRO

- Indemnización básica polo sacrificio de gando positivo (ata 85.000)
- Indemnización complementaria en pequenas explotacións (25.000 pts. para vacas de leite e 35.000 para as de carne).
- Indemnización complementaria polo sacrificio de gando autóctono ou inscrito en libros xenealóxicos. (15.000 pts.)
- Indemnización complementaria polo sacrificio de bois de razas autóctonas

AXUDAS EXTRUCTURAIS

- Para a mellora da eficiencia dos sistemas productivos das explotacións gandeiras

CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO

1.º ano: ata 1 millón de pts.
2.º anos: ata 750.000 pts.
3.º anos: ata 500.000 pts.

ADQUISICIÓN DE BENS E SERVICIOS

- Ata o 75% do investimento para a mellora das estructuras das explotacións gandeiras.
- Ata 800.000 pts. ou 1.000.000 no caso de adquisición de maquinaria forraxeira.

SECA

- Ata o 30% do custo dos productos (forraxe) adquirido, sen supera-las 3.500 pts. por unidade de gando maior ou equivalente.

ASOCIACIONISMO, DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO E FORMACIÓN

- Fomento do asociacionismo cooperativo. (Formación, promoción, mellora e consolidación de cooperativas): ata o 70%
- Promoción do desenvolvemento comunitario: ata o 50% do presuposto da acción comunitaria.
- Axudas para o desenvolvemento de cursos e seminarios de capacitación de agricultores e das súas familias: ata 50.000 pts. por alumno.

AXUDAS PARA A RECRÍA DE XOVENCAS

Morenas do Noroeste e Rubia Galega inscritas en libro xenealóxico: 50.000 pts.
Outras femias de Rubia Galega: 40.000 pts.
Outras razas de carne: 15.000 pts.
RAZAS DE LEITE: Para xovencas con mais que cumpran as seguintes condicións.
Estar en control leiteiro e pertencer a unha explotación colaboradora na mellora xenética e estar inscritas no libro xenealóxico: 45.000 pts.
Estar en control leiteiro e inscritas no libro xenealóxico: 40.000 pts.
Outras femias: 15.000 pts.

AXUDAS A INVERSION PARA EXPLOTACIÒNS DE RECRÍA

EXPLOTACIÓNS INDIVIDUAIS

—Subvención de ata o 50% do investimento.
— Crédito de ata 15 anos con tres de carencia, se a recría e de novillas de raza de carne a 12 anos con 3 de carencia, se son de raza de leite. O máximo interese subvencionado é de ata oito puntos.

EXPLOTACIÓNS AGRUPADAS

Se subvenciona o 70% dos investimentos cando tres, ou máis de tres gandeiros, recrían as súas xovencas en común. Tomén poden acceder a créditos subvencionados de ata nove puntos.

Para ter dereito a estas axudas deben darse as seguintes condicións:
1.—A explotación debe ter un censo de femias de recría, igual ou superior o 40% de vacas nais da explotación.
2.—A xovenca deberá estar debidamente marcada e cumpri-la idade de 12 meses na explotacións e manterse nela ata os 18 meses.

Pida máis información nas axencias de Extensión Agraria ou nas Delegacións Provinciais da Consellería de Agricultura.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES



CONFLITO EN ORIENTE MÉDIO

Mohamed Safa, palestino exiliado na Galiza

'Non se pode defender o direito a independéncia de Kuwait e negárllelo aos palestinos'

■ G. LUCA DE TENA

Os paises ocidentais nunca mandaron un soldado, un barco, un avión para liberar Palestina ocupada. O doctor Mohamed Safa, palestino da Cisxordánia que reside na Galiza desde hai quince anos, pregunta nesta entrevista que pode pensar un home expulsado da sua terra coma el do despregue de forzas que bloquean a entrada do golfo Pérsico en resposta á ocupación de Kuwait.

A piques de se cumprir tres meses do iníci da crise do Golfo, pódese constatar que Itália ou Francia falan de saidas globais para Oriente Próximo mentres que outros paises máis dependentes de Estados Unidos contemplan unicamente solucións de forza.

Ten que se abrir unha via de esperanza para un arreglo pacífico. Significa esta postura que hai máis amplas posibilidades de solución?

Eu digo rotundamente non. O que predomina ainda é o conflito. Hai moitas declaracións de políticos neste senso pero están a falar só de Kuwait. E os últimos acontecementos no território palestino veñen demostrar o erro deste plantexamento. Porque non hai nengunha separación entre o que está a suceder no Golfo e o que pasa en Palestina. O cidadán árabe quereria transmitir o que sinte sobre o que sucede en Palestina. Observamos que hai un recusamento profundo polas demais forzas estranxeiras contra calquera lider árabe que poda plantexar a posibilidade dunha reunificación do mundo árabe. É unha meta que quere conseguir con meios pacíficos. Pero vimos o que lle aconteceu a Nasser. Forzas extranxeiras interviron, no ano 56, simplemente pola nacionalización do Canal de Suez, que era un direito lexítimo. Acusaron a Nasser de todo: chamáronlle Hitler, Mussolini... Parece coma se tivesen dous caixóns e nun gardasen a lista boa e noutro a lista negra. Cando queren, sacan á luz unha na contra doutro líder. Pero estas declaracións contra un lider árabe son recusadas pola povoación árabe . Non porque discutan as liberdades democráticas, e hai que insistir niso, senón porque o que hoxe se discute é unha cuestión nacional: non se pode permitir que o imperialismo estea á porta das nosas casas. O que estamos a afirmar é que o o que ocorre no mundo árabe débese solucionar dentro do marco do mundo árabe. E a preséncia das forzas extranxeiras é un factor de risco, de violéncia e de guerra. Duas custións non desexadas, ne por nós nen polo resto do Mundo Árabe.

Conquistar polo diálogo

Desde a proclamación de caducidade da *Carta Palestina* no 89, que reaccións se aprecian no interior dos territorios ocupados?

Desde o comezo da *intifada*, a OLP, através do Consello Nacional Palestino tomou unha iniciativa de paz. Trátase de conquistar polo diálogo os nosos direitos nacionais. A *intifada*, que é a forma de resistir contra a ocupación, tivo un eco importante na opinión pública internacional. É unha realidade de diário que a xente civil, sen armas sae a rua para loitar polos seus direitos e contra a ocupación israeli. O que acontece é que o apoio e a simpatia internacional a esta resisténcia non chega para lograr un arreglo pacífico ao que está a ocorrer. Hai quen se pregunta se existe desesperanza no noso povo. Pero cando plantexamos a cuestión da resisténcia contra da ocupación, sabiamos perfectamente que era un longo camiño que tiñamos que recorrer. Que estamos nun túnel moi escuro, pero que ao final recuperaremos os nosos direitos nacionais. No que se refire á violéncia: hoxe non podemos falar de violéncia da parte do povo palestiniano, senón da parte do exército israeli contra a povoación civil. Os últimos acontecementos demostran que a *Intifada* segue viva e está convertida nun feito cotidiano do cidadán dos territórios ocupados. Segue a manter a sua brillantez e o seu eco; está consolidada e o que se pretende agora é lograr os froitos deste levantamento popular.

'OCIDENTE REACCIONA CONTRA CALQUERA LÍDER QUE PLANTEXE A REUNIFICACIÓN DO MUNDO ÁRABE'

A información pro-israeli recoñece que os intentos de dividir a *Intifada* fracasaron totalmente.

Os últimos acontecementos que se cobraron máis de 21 mortos e maís de mil feridos demostran que a *Intifada* segue viva. Pésia a escuridade das informacións que están a transmitir agora e que dan a a entender que a resisténcia entra na recta final, o que pasa agora demostra todo o contrário. Os últimos acontecementos oferecen unha ocasión de ouro para a comunidade internacional. Como se pode interpretar isto? Se se quer dar lexitimidade ao discurso de Occidente no Oriente Meio sobre a base do direito internacional, este é o grande momento. Non se pode defender o direito e a independéncia dun país que é Kuwait e negarlle este direito ao povo palestino. Os acontecementos traen unha oportunidade á comunidade internacional. Senón, como poderemos convencer dentro de pouco ao cidadán árabe ou palestino se lle decimos que o Consello de Seguridade das Nacións Unidas non foi quen de condenar duramente a actitude israeli, pero que comprende que os paises que ocupan o Golfo van en defensa da liberdade e da independéncia de Kuwait? O que se desprende disto é un cinismo e unha doble moralidade. Ainda mais, parece que se quer defender ao rico pero non ao pobre. Esa é a cuestión de Oriente Médio: se fose Kuwait un país pobre coma Palestina ou coma o Líbano, veriamos tantas forzas estranxeiras no noso territorio?. Esta é a pregunta que o cidadán palestino fai todos os dias cando se levanta: por que a min non me protexe tanto a comunidade internacional como está a protexer a Kuwait?.

Unha condena a médias

A condena do Consello de Seguridade das Nacións Unidas parece que quer limitar a responsabilidade á actuación da policia israeli.



A NOSA TERRA

Desde logo non foi unha condena dura. E Israel non permitirá a actuación da comisión, como fixo outras veces. Esta negativa é unha mostra máis de que debe ser o Consello de Seguridade o que tome as rendas do conflito e decidir dunha vez as fórmulas axeitadas para a protección da povoación civil palestina nos territórios ocupados. En canto o texto da condena, parece efectivamente que atinxe só á actuación da policia. Esa condena refírese a un território ocupado e as leis que ai deben rexer son as internacionais. A saida podia ser que tal ou cal axente cometeu un erro, co que se libraria aparentemente de responsabilidade a un Estado.

A colonización dos territórios ocupados con xudeus emigrantes da Unión Soviética poderia cambiar o signo demográfico de Palestina.

É un grande risco a colonización dos territórios ocupados e vémola con preocupación grande. Fixemos unha campaña para dar a coñecer o que suporia a emigración de maís dun millón de xudeus soviéticos aos territórios ocupados. Comprendemos asi os últimos acontecementos en terras de Palestina. Israel necesita obrigar ao resto dos palestinos que viven na Cisxordánia a que abandonen as suas terras. Necesitan ese território valeiro para colocar aos emigrantes xudeus do resto do mundo. Se os palestinos non marchan polas boas, obrigarános a marchar polas malas. Cada dia, Israel utiliza a forza contra os palestinos. Queren darlle a entender que non ten máis que duas saidas: ou coller a sua equipaxe e abandonar ou sair á rua e deixar que a policia o mate. Parece como se cada dia tivese que ser máis grande o charco de sangue para que a opinión pública comprenda o discurso pacifista que estamos a enviar desde o território ocupado. Dos organismos internacionais reclamamos que se comprenda o feito de que nos están a obrigar a respostar violentamente e tamén queremos que se teña en conta o que pode supoñer a emigración masiva. Xa non será preciso falar dun Estado palestino independente se non hai palestinos neses territórios.

Pretensións sobre Xordánia

Se hai anos desde alguns sectores se trataba de vender a solución dun estado palestino na Xordánia, agora concordan moitos comentaristas en avisar que o que pode suceder é precisamente todo o contrário: que Israel demostra evidentes pretensións anexionistas sobre a Xordania.

Coa formación do último governo israeli, a partir da saida dos laboristas e a entrada da coalición de partidos direitistas, nós chamámoslle *Governo da Guerra*. Porque evidentemente eles iniciaron unha guerra contra a povoación palestina para descartaren mesmo a posibilidade do soño dun Estado palestino.

O conflito do Golfo tivo a virtude de colocar nun plano distinto o feito da relixión islámica. O que antes se apresentaba coma un mesianismo, aparece agora coma un movemento de defensa da própria identidade contra a depredación económica e cultural.

A política equivocada de Occidente no Oriente Médio fomentou que queiras que non o movemento islámico. Con Estados Unidos á cabeza, Ocidente criou un cultivo para un movemento islámico que permite proclamar cuestións nacionais contra a existéncia ou a humillación e frustración que vive o cidadán árabe de hai moito tempo. Quizáis o erro é que cando se plantexa por exemplo *os árabes van ampliar a guerra santa contra...*. Eu perguntábame: e que houbo algunha vez algun musulmán que cruzase o Mediterráneo para erguer a sua espada contra algun infiel de Occidente? Non hai nengun movemento de Oriente Médio cara Occidente pero si unha cruzada dos Estados Unidos, de signo económico, que ten unha preséncia inequívoca. A povoación árabe ten que respostar a isto. Alguns teñen que canalizar o seu rechazo através dun movemento laico e outro a meio doutro islámico ou tamén nun partido nacionalista do signo que sexa. Pero todos agrupados nun culto que lle axuda a recusar a preséncia de forzas extranxeiras no Oriente Médio. É de hai pouco este movemento islámico ou acaso a frustración, a humillación e a usurpación dos direitos nacionais non é un factor máis que suficiente para fomentar os movementos relixiosos en todos os recantos do mundo, cando esta relixión daba tamén a oportunidade de manifestar tendéncias progresistas? Acaso non pasou o mesmo en Latinoamérica? Pero se resposta ao modo de vida que quer o cidadán árabe ou palestino é algo que terán que decidir por si próprios unha vez que podan rematar cos agrávios que proceden hoxe do mundo árabe. Unha vez rematada a ocupación e a miséria e o cidadán árabe poda decidir o seu futuro democráticamente, nese momento poderemos

> 'OS ESTADOS UNIDOS CALCULARON EN TRES MESES, QUE AGORA SE CUMPREN, O TEMPO PRECISO PARA ACUMULAR A FORZA MILITAR PARA DESTRUIR IRAK'

dirimir quen encabeza o cámbio democrático, se un movimento islámico ou un movemento laico. Polo de hoxe, están todos integrados nun só movemento que se define por estar contra a ocupación e a preséncia das tropas extranxeiras.

A información dominante extende outras falsas medidas. Exipto, Síria ou Arabia Saudi favorecen agora a posición dos Estados Unidos, pero as suas povoacións maniféstanse contra ese compromiso de estado.

Seguro. Nunca tan claro vimos a separación entre o que pensa o mundo árabe e os seus governos. Ninguén pode entender que todos os dias falemos contra o imperialismo norteamericano para despois ver que alguns soldados están na mesma trincheira que os *marines*. Igual que non podemos comprender que Síria estaba para os Estados Unidos de a pouco no número un dos paises que apoiaban o terrorismo nunha política de alianza contra outros paises. Este discurso tan cínico, tan ambíguo e tan falto de coeréncia, é o que nos fai definirnos contra a ocupación e deixar as demais cuestións para despois. Desde a segunda guerra mundial non aparece tan claro a diferéncia entre os governos e as povoacións.

USA quer a guerra

Que saida ten o conflito?.

Naturalmente non queremos a guerra. O cidadán árabe vai ser a carne de cañón nesta batalla, tanto no Irak como en Kuwait ou Arábia Saudi. Perderemos outravolta e será un atraso de dez anos máis para os paises árabes. Pero que posibilidades de paz existen? Eu penso que o único que o sabe é a Casa Branca. Eles non están a favor dunha paz entre Irák e Kuwait porque ao dia seguinte perderian esa posibilidade de estar aí e de controlar toda esa riqueza do mundo árabe. A posibilidade de retirada iraqui de Kuwait existe pero non hai nengunha seguridade nen garantia da retirada norteamericana do Golfo. Que fai Estados Unidos se se dá a retirada? Israel é a que máis necesita unha guerra no Oriente Médio porque necesita a destrucción total do único país que pode facerlle frente no Oriente Medio.

Por que cre que Estados Unidos necesita a guerra.

Estados Unidos necesita rematar esta guerra o antes posíbel e se tardan non é precisamente para dar unha posibilidade á paz, senón para dar a ocasión de completar a forza militar que será bastante para destrucción de Irak no menor tempo posíbel e co menor núymero de baixas dentro do seu exército. Este é polo menos o cálculo norteamericano desde o inicio do conflito.

Porque tres meses?

É o tempo que lle compre a Estados Unidos e aos seus aliados para completar mais de trescentos mil soldados e quinientos avións, para facer unha guerra o mais rápida posíbel, de xeito que Irak se levante pola mañana e vexa todas as suas forzas destruidas. O bloqueo debilita cada dia máis a Irak e ao mesmo tempo afortala aos Estados Unidos. A partir de tres meses que agora se cumpren veremos cal é a vontade dos Estados Unidos de dialogar sobre a paz.

> 'O PETRÓLEO BAIXOU MAIS DA METADE MENTRES OS PRODUTOS QUE EUROPA VENDE AOS PAISES ÁRABES TRIPLICARON O SEU PRÉCIO'

A unha Europa en constitución tamén lle chega unha ocasión histórica de demostrar cal é a sua vontade de convivéncia co mundo árabe.

É unha circunstáncia única para que a Europa comprenda o discurso árabe, para afondar no diálogo con outra cultura en igualdade. Nengunha cultura supera á outra, simplemente son diferentes, estamos cadanseu nunha banda da rua e non hai máis que cruzar e comezar a falar claramente un co outro. Temos as nosas preocupacións coma cidadán árabes, vivimos un herdo do colonialismo e un desequilíbrio económico inxustamente. Nos paises árabes hai miséria e frustración. Europa ten que comprender que o mundo árabe non pode admitir que é a zona máis rica en petróleo mentres somos o povo máis pobre. Este é o dilema diário para os nosos cidadáns que todos os dias se levantan sen saber como dispoñen da maior riqueza mundial e viven nunha miséria aplastante. Ocidente é capaz de enviar a sua forza para defender o seu benestar pero ao cidadán árabe non se lle respeita o direito a reclamar unha vida digna.

Petróleo máis barato

O embargo proposto pola OPEP no 67 e 73 foi considerado como unha acción de terrorismo. Pero non se diferéncia moito do de hoxe.

Xa que falamos da economia, era ben lembrar que precisamente no 73 o barril de petróleo estaba a 40 dólares, entanto en 1989 estaba a 17. Baixou a máis da metade mentres os produtos de alimentación e tecnoloxia que a Europa vende aos paises árabes triplicou os seus précios. Resérvanse o direito de triplicar os produtos deles pero nengun país árabe pode pensar en subir os précios do petróleo. Endebén, que están a facelo co dólar que é moeda estábel mentres as nosas non o son. Fálase dunha orde económica internacional pero eu quero que sexa xusta, na que podamos falar dun cámbio xusto entre os produtos de un e outro lado. Porque xa non é que non podan subir os précios senón que nos obrigan a baixalos segundo as necesidades e intereses de enemigos do noso povo.

A Unión Soviética significou despois da Segunda Guerra Mundial, esperanza e solidariedade co mundo árabe. Como ve o seu papel neste ocasión?

A verdade é que a Unión Soviética perdeu unha ocasión non tanto de se manifestar a prol do mundo árabe senón para frear a política belicista dos Estados Unidos na zona do Golfo. A URSS tivo na man poder xogar un papel intermediário e non transmitir as ameazas dos Estados Unidos ao mundo árabe. Podia ter unha postura firme a prol dunha conferéncia internacional na que se discutisen todos os temas por igual. A URSS non pode dar luz verde á política dos Estados Unidos para *falar despois*. Non hai gareantia nengunha de que asi o fagan. A URSS pode presionar moito máis pra que haxa un cambio ou arrastrar unha política internacional de cara a unha revisión de todos os conflitos.

Para poder trasladar á ONU o debate, como propón a URSS, será preciso cambiar o seu regulamento.

Desexamos unha ONU con maior eficácia, obviamente. Pero polo de hoxe se Estados Unidos ten veto a Unión Soviética tamén. Sabemos que a Unión Soviética dispón na esfera internacional dun arma de igual rango ca os Estados Unidos e que pode empregala cando queira. A Unión Soviética poderia utilizar o veto e non dar luz verde a unha política belicista e máis nun conflito coma a dos Estados Unidos no Oriente Médio, senón impoñer unha tese pola que esixa a retirada de todas as forzas nos territórios ocupados. Quen decidiu a política das Nación Unidas foi Estados Unidos, nomeado por si mesmo policía en nome das Nacións Unidas, sen que esta institución diga quen pode protexer os intereses xerais. Este é un error. Asumimos as resolucións das Nacións Unidas, pero cando sexan aplicadas pola mesma medida. A xustícia é para todos e non hai nengun direito internacional que admita unha xustícia selectiva. A desaparición da bi-polaridade non pode supoñer a aparición dunha só poténcia que impoña a todo o mundo a sua vontade. □

'Por nós non enviaron nengun barco'

A implicación da OLP con Sadam Hussein ten perxudicado a política de paz da acusa palestina

Máis que a involucración da causa palestina con Saddam, eu coido que hai que falar dunha ligación internacional. Precisamente as decisións das Nacións Unidas obrigaron a unha non separación na crise do Golfo. Quer dicer que a cuestión de Kuwait está relacionada coa causa palestina. Cando se fala de acabar coa ocupación iraquiana de Kuwait, nós contestamos que esta non é a única ocupación que existe no Oriente Próximo. A história non comezou o 2 de Agosto e na zona existen outras ocupacións, nomeadamente a israeli do território palestino. Esta é a razón da nosa insisténcia: de aplicaren as resolucións nas Nacións Unidas, non debe se unha aplicación parcial senón a todos os conceitos no Oriente Médio. Por isto a nosa insisténcia de que se convoque unha conferéncia internacional e que se fale do conflito para a retirada israeli do território palestino e a de Kuwait que pode se solucionar dentro do marco árabe co seu veciño iraqui e a da recuperación da soberania nacional do Líbano. Esta é a implicación que cómpre ter en conta: as relacións da ONU deben ter aplicación igual no caso do Líbano, o de Kuwait e o de Palestina.

A situación de tropas palestinas na primeira liña de defensa da frente iraqui permite ver as cousas desde outra perspectiva.

A verdade do noso problema é que no Occidente non se nos escoita ben: non temos oportunidade de poder dialogar e o que esiximos é un maior diálogo entre a comunidade internacional ou os paises occidentais co mundo árabe a base dun entendemento das posturas. Cal é o discurso do cidadán palestino e do árabe no Oriente Próximo. El plantexa o seguinte: que non pode comprender que a entrada do exército iraqui o 2 de Agosto sexa respostada por forzas encabezadas polos Estados Unidos o dia 5 en augas do Golfo de Arábia Saudi. Entanto nós sofremos unha masacre a mans do exército israeli, condenada diariamente por todos os organismos internacionais durante os últimos corenta anos e nunca miramos que mobilizasen un barco. Ainda mais, pedimos o envio de observadores internacionais que están ao tanto do que está a pasar

Por iso esiximos no primeiro que antes de discutir calquera tema que se retiren as forzas extranxeiras da zona do Golfo. En segundo lugar, que os problemas de Oriente Méio se traten ou discutan a méio dunha conferéncia internacional. Que o diálogo sexa anterior a calqueroutro plantexamento, que Europa está disposta a escoitar ao Mundo Árabe e que nun diálogo aberto, baixo a bandeiras das Nacións Unidas deben se tratar todos os temas. □

ATINOAMÉRICA EN CRISE

Os liberais arxentinos queren liquidar todas as empresas públicas

España reconquista América e compra a compañia de teléfonos e as liñas ae re

■ JUAN C. MARTINEZ BETELU
P. GRINBERG/BUENOS AIRES

Cinco séculos despois da chegada de Colón a este continente, parece que os españois da era de Felipe González están dispostos a repetir, na sua versión moderna, a epopeia do '92. A xente di aqui que a compra dos teléfonos e dos avións converteunos nos conquistadores de fins do século XX. A favor desta nova forma de facer a América xoga un papel preponderante a política de privatizacións que o governo do presidente Menem puxo en mans dos entusiásticos liberais que o rodean. Para os próximos dias poderian iniciarse paros de protesta que culminaria nunha folga xeral, abandeirados polo sector da CGT liderado por Saul Ubaldini.

A comezos de Setembro, a interventora da Empresa Nacional de Telecomunicacións (ENTEL). Maria Julia Alsogaray, aproveitou unha folga parcial declarada polos traballadores telefónicos, en reclamo dun aumento salarial, para despedir a 437 empregados. A intención da interventora de provocar o conflito foi óbvia: os primeiros telegramas de despido foron enviados un venres á tarde, cando os traballadores dispuxeran unha trégua no paro para negociar coa patronal. "É un paro político que pretende bloquear o proceso de privatización", sostivo a interventora, quen lles fixo "un favor" aos futuros donos de ENTEL —a Bell Atlantic S.A. e a Telefónica Española— ao comezar o trabalo suxo da reconversión da empresa.

Durante os quince dias en que se extendeu, a folga telefónica ocupou as primeiras planas dos diários. O conflito salarial derivou nunha folga por tempo indeterminado, en reclamo da reincorporación dos despedidos, pero a resposta de Maria Julia —a quen o xornalismo progresista batizou como "interventriz", mistura de interventora e emperatriz— foi enviar cada dia unha nova tanda de telegramas, até totalizar os 437 despedidos, alguns deles con máis de trinta anos de antigüidade na empresa. A interventriz —ex-deputada pola Unión de Centro Democrático (UCD), eufemístico nome dun partido de direitas que deu funcionários a todas as ditaduras militares— contou co apoio irrestricto do presidente Menem e, por suposto, dos executivos da Telefónica e da Bell.

A folga telefónica simbolizou a resisténcia do movimento obreiro arxentino —o de meirande degrau de organización sindical de América Latina— contra o plan de axuste e de privatizacións do governo menemista e de aí o empeño do oficialismo en aplastalo, ainda apelando á intervención militar, como ocorreu en CIBA, o centro de comunicacións internacionais, onde as operadoras folguistas foron reemprazadas por oficiais do Exército. O CIBA, ubicado en pleno centro de Buenos Aires, foi militarizado até tal ponto durante a folga que unha garda armada proibiu a entrada e xonalistas e ainda de lexisladores, en tanto que no interior das oficinas vivíase un clima de campo de concentración no que as operadoras eran acompañadas ao baño por policias femininas.

Isolados pola condución nacional do seu sindicato —que resposta ao oficialismo— e polas duas CGT, conducidas por burócratas do peronismo, os telefónicos terminaron por levantar o paro, o 14 de Setembro, nunha asamblea na que participaron seis mil traballadores. Se ben a maioria votou por segur a folga, os burócratas sindicais arranxaron para "contar comenentemente" os votos. A derrota da folga telefónica marca un trunfo, ainda que parcial, da reconversión privatizadora, tarea que seguramente intentarán continuar os que asumiron a direción da empresa desde o pasado 8 de Outubro.

XAN CARBALL

ANXO IGLESIAS

As mobilizacións na Arxentina van en aumento coa política de liberalismo extremo do Governo Menem. Abaixo a central dos teléfonos na rua Corrientes, que viviu en Setembro baixo a militarización dos seus servicios.

O escándalo de Aerolíneas

Se a venda dos teléfonos estivo acompañada de ácedas discusións, a transferéncia da compañia de aviación Aerolíneas Argentinas elevou a polémica a níveis de escándalo nacional con denúncias no ámeto xudicial.

Aerolíneas foi adquirida por 521 millóns de dólares en total, unha cifra que apenas serviria para pagar o précio dos sete Jumbo da flota nacional, que conta con 27 avións. Pero o negócio de Iberia e os seus sócios arxentinos non remata aqui. Aerolíneas chegará ás suas mans sen o pasivo de 900 millóns de dólares — faise cargo o Estado—, cun superávit anual cercano aos 28 millóns de dólares e a facturación de *Optar* (empresa cautiva dedicada ao turismo) que recada 80 millóns de dólares por ano. A operación concretouse por 130 millóns de dólares ao contado, outros 130 a pagar en cinco anos e o resto en títulos da débeda externa, a unha cotización no mercado secundário de Nova York equivalente a 216 millóns de dólares (1610 a valores nominais, máis os seus intereses por 400 millóns).

O deputado Moisés Fontenla (peronista disidente) pediu ante o xuiz Óscar Garzón Funes que se suspendera o proceso de licitación por entender que estaba viciado de nulidade. O maxistrado fixo lugar á denúncia do lexislador, pero o Governo apelou á Corte Suprema de Xustícia. O máximo tribunal tomou o expedente através do "per saltum" e revocou a decisións do xuiz de primeira instáncia, permitindo desa maneira que o governo seguise adiante coa venda da empresa aérea. O inusualmente vertixinoso pronunciamento da Corte (nunha xustícia de lentitude kafkiana) serviu para confirmar as sospeitas que no seu momento despertara a decisión do governo de ampliar de cinco a nove os membros dese corpo para contar cunha maioria adicta no alto tribunal.

Para que queren teléfono os xubilados?

O traspaso dos teléfonos estivo precedido de agudas críticas dos sectores de oposición ao governo e dunha teimuda resisténcia do sindicato que agrupa aos traballadores da empresa. Pero a interventora Maria Julia Alsogaray, escollida por Menem para iniciar o proceso de liquidación das empresas públicas, foi implacábel á hora de levar adiante a misión presidencial. Implacábel, tamén, con quen puxeron o grito no ceo polos fortes aumentos aplicados nas tarifas telefónicas. "Para que queren teléfonos os xubilados?" foi a fria reflexión de María Julia cando os vellos se queixaron porque as suas miserábeis xubilacións non lles alcanzan nen para pagar a cuota do teléfono. Pero non só os teléfonos dos xubilados están enmudecendo: traballadores, profisionais e pequenos empresários deberon cancelar tan importante servício porque os seus orzamntos non alcanzan para sostelo. E, tal como van as cousas, no futuro tamén non será fácil aceder ao teléfono neste país: calcúlase que o máis económico (servício uomiciliário) custará arredor de 1.800 dólares, é dicer, algo asi como a suma de seis meses de soldo dun traballador medianamente ben remunerado. Para un xubilado que perceba o mínimo, que é duns cen dólares, o teléfono convertirase nun lùxo oriental: precisaria un ano e médio de traballo para instalalo.

Proba piloto

Desde un princípio, María Julia convertiu a subasta de teléfonos nunha cuestión de vida e morte. "É unha proba piloto que non pode fallar", dician a coro os devotos da economia de mercado, cuxo principal sostén na Arxentna é precisamente o pai da liquidadora dos teléfonos, capitán-enexeñeiro Álvaro Alsogaray, designado por Menem como asesor no tema da débeda externa. Estreitamente ligado á alta burguesia nacional, á banca internacional e ao poder militar, Alsogaray ven de lanzar a máis audaz iniciativa en matéria de privatizacións: propón que Estado entregue todas as empresas públicas que sexa necesário para pagar os 65.000 millóns de dólares que suma a débeda externa da Arxentina. A proposta de Alsogaray non difire do sistema de capitalización da débeda que está utilizando o Governo para liquidar as empresas estatais. É o que se empregou no caso dos teléfonos e dos avións, pero Alsogaray é moito máis cobizoso e impacente: quer facelo todo dun só golpe.

"O Estado non serve para manexar os negócios", repete a campaña de accion psicolóxica encarada .polo governo para convencer á xente da necesidade que ten o país de vender empresas públicas que, paradoxicamente, quedarán en mans do Estado español con alguns sócios do sector privado. En verdade, os españois fixeron un bon negócio, do cal se deduce que á Arxentina non lle foi tan ben á hora de facer contas. □

reas arxentinas

Fallo a velocidade de Jumbo

O obedente tribunal (entre cuxos membros figura Rodolfo Barra, ex-man direita do ministro de Obras Públicas, Roberto Dromi, líder do proceso privatizador) pronunciouse a velocidade de Jumbo: en só dez minutos botou terra sobre a resolución do xuiz Garzón Funes, quen respaldara os argumentos do deputado Fontenla ao calificar como "sociedade irregular" a organización final da empresa privatizada por non encadrarse dentro das leis vixentes na Arxentina. O artigo 23 da lei 23.096 estabelece que "o ente a privatizar deberá estar oganizado baixo a forma de sociedade anónima, debendo conformarse de acordo co previsto na lei 19.950 cando se trata da constitución de sociedades comerciais". Engade que o decreto 1024/90 dispón a criación de Aerolíneas Argentinas S.A. con participación estatal minoritária e que "esta forma societária non se encontra prevista na mencionada lei 19.950, que só prevé sociedades nas cales o Estado sexa titular de, cando menos, o 51 por cento do capital social e que sexan dabondo para prevalecer nas asambleas ordinárias e extraordinárias".

Apoia diplomático español

O deputado Fontenla denunciou que a venta "está viciada de nulidade porque se venden accións dunha sociedade anónima non constituida como tal". Pola sua banda, o lexislador da coalición Izquierda Unida, Luis Zamora, pontualizou que "só os tres Boeing 747 que posue Aerolíneas valen o que o comprador paga en efectivo" e sinalou que "para completar este negócio redondo o Estado quédase co pasivo da empresa co cal, despois da privatización, estará sen a gadáncia, sen os avións e con toda a débeda".

Indiferente a estes cuestionamentos, o embaixador español, Joaquin Bassols y Jaca, advertiu que "a nosa preséncia aqui non é casual. Ademais de ENTEL e Aerolíneas, contarán coa nosa participación nas áreas do petróleo e as autopistas. É unha proba de confianza co desenrolo arxentino, no que temos cifrada unha gran esperanza, tamén para xerar e gañar cartos."

Resulta admirábel, por certo, a capacidade de confianza do diplomático ibérico, en médio dunha das mais graves crises sócioeconómicas da Arxentina. O severo axuste aplicado polo governo a instáncias do Fondo Monetário Internacional e dos sectores de privilléxio da Arxentina, segue a causar estragos entre os traballadores e a clase média, esta última considerada xa unha espécie en extinción. O nível de desemprego actual duplica o promédio dos últimos quince anos, co 11,5%, máis un 14,5% de subempregados segundo dados do Instituto Nacional de Estadística e Censos. Estímase que dos aproximadamente 33 millóns de arxentinos, 10 millóns viven en condicións de pobreza. Un recente traballo de avaliación social demostrou que, como consecuéncia da aplicación da política económica do governo, estanse axigantando dramaticamente as diferéncias económicas entre as clases sociais na Arxentina, entre un extremo de crecente riqueza e outro polo —maioritário— de aguda probeza. Segundo a investigación sobre ingresos e consumos efectuada por Estudos Políticos e Económicos Nudelman Bass, un octavo da povoación (o 12,5%) acapara o 50 por cento dos ingresos e a outra metade ten como destinatário aos sete octavos restantes (o 87,5%) dos arxentinos. □

As duas Arxentinas

Nos últimos cinco anos —a partir da "economia de guerra" aplicada por Alfonsin no 1985- a Arxentina reduciu a sua produción total en pouco máis do 4 por cento e o Producto Bruto Interno por habitante caeu o 11,2 por cento, segundo dados do Banco Central.

Aquén da frialdade das cifras, as duas Arxentinas —a do poder e a marxinación— sairon dramaticamente á superfície en Xullo pasado. O dia 9 —Dia da Independéncia— Menem organizou o desfile mlitar máis importante desde a ditadura de Videla: nove mil uniformados sairon á rua, cun custe superior ao millón de dólares. Neses mesmos dias, os diários arxentinos publicaban fotos que poderian ter sido tomadas na Biafra: eran do neuropsiquiátrico estatal de mulleres, o Moyano, onde 32 pacentes morreron por falla de alimentación e atención médica adecuada, no marco dunha reducción orzamentária cada vez meirande para saude e educación.

Alonxado, cada vez máis, dos sectores populares que fixeron posíbel a sua eleición en Maio do 1989, Menem consolidou a sua alianza cos chamados factores de poder: os grupos económicos, a Igrexa e os militares, no plano local, e os Estados Unidos, no marco internacional. Na metade do verán as folgas dos grémios telefónico, de mestres, ferroviários e estatais e a derrota eleitoral dos dous partidos maioritários (o oficialista peronismo e a Unión Cívica Radical de Alfonsin) que foron aliados na consulta popular na província de Buenos Aires en torno á reforma da Consitución provincial determinaron a evolución política. Máis alá da reforma coxuntural da reforma, o trunfo do non ao que propuña o oficialismo, por un abrumador 70 por cento, revela disconformismo popular co plan económico do governo —Buenos Aires é governado polo peronismo— e o desgaste dos partidos tradicionais, e abre un imenso signo de interrogación sobre a futura conformación do mapa político na Arxentina. □

ELEICIÓNS EN EUSKADI

Manifestación pro-negociación en Donosti, en vísperas da campaña eleitoral.

Surprende a rixidez do PNV, EA e EE á proposta

Unha entrevista con ETA fixo mudar a campaña eleitoral

■ **J. IRATZAR**

A entrevista concedida a **Egin** por ETA fixo mudar, sen lugar a dúbidas, todos os textos que laboriosamente tiñan preparados os dirixentes políticos para o comezo da actual campaña eleitoral autonómica das Vascongadas.

As declaracións de ETA, cun contido importante nas diversos frentes de análise abordados na entrevista, revolveu o corral do Pacto que, de saída, mostrouse á defensiva e co único argumento politicamente inútil, por antidialéctico, de dicer berra que te berra, ainda que empregasen distintos tonos, que todo era intoxicación sen ter en conta que a confirmación por parte da organización armada basca da existéncia de contactos limitábase, na realidade, a reafirmar nos seus xustos termos os últimos comentários que viñan realizando desde un tempo antes da aparición da entrevista.

O fácil recurso da negativa sen argumentos exibido polos dirixentes do Pacto chocaba, non obstante, coa disposición e vontade negociadora patentes nas declaracións dos dirixentes de ETA. Incluso pode surprender a alguns dos seus votantes a rixidez dos líderes do PNV, PSOE, EA e EE á hora de valorar o contido da mensaxe. Unha rixidez numantina frente á exposición de critérios de flexibilidade enmarcados en compromisos cualitativos que facilitarian o avance cara unha solución política negociada.

En definitiva, descobriuse máis unha vez a cerrazón política duns dirixentes que, só en público, non queren mostrar a importáncia real, por exemplo, dunha proposta concreta exposta por Euskadi Ta Askatasuna nunha entrevista, e que suporia para esta organización un elemento suficiente para corresponder cun xesto pola sua parte.

O ponto dos traslados —seguimos co exemplo— de Antxon, Belén e Makario, coa incorporación de Josu Urrutikoetxea, Mamarru e Txikierdi ao país que ambas partes escollan como lugar de encontro, é un enorme paso adiante, de gran entidade en torno á atitude da organización armada basca, que fai vislumbrar un novo proceso de conversacións.

Un novo proceso que se perfila baixo a estela das experiéncias aprendidas en Alxer e en compromisos anteriores, ainda que non debe repetirse a saída aos mesmos pontos da famosa noite do 22 ao 23 de Marzo.

Estratéxia intoxicadora

Detrás da escandaleira suscitada polos candidatos do Pacto, escóndese, ademais da sua debilidade, o descobrimento da sua íntima estratéxia intoxicativa.

Dias antes da entrevista con ETA, aparecida en "Egin", xa un rotativo madrileño anunciaba contactos entre esta organización e o governo, citando fontes do Ministério do Interior" e da Loita Antiterrorista.

Un adiantamentō informativo interesado que non suscitou as iras da clase política, pois oferecíalle un precioso aviso a *navegantes*, xunto cunha série de movimentos en torno aos *contactos*, que eran enmarcados por Interior na "estratéxia eleitoral de HB", para que, deste xeito, os líderes políticos tivesen o seu cravo ao que acollerse.

É precisamente o alto nível desta sesgada información o que demostra unha auténtica atitude de prudéncia política sobre os contactos entre ETA e o Estado español, o que forza a declaracións como as realizadas pola organización armada na sua recente entrevista.

Curiosamente, dous dias despois da aparición da citada entrevista, unha nova información, esta vez nun rotativo basco, volta incidir no tema sacando a relucir un documento interno de ETA dirixido aos seus militantes e ao que, todos nos imaxinamos como tiveron aceso tras a detención de "Baldo" en Iparralde.

Un documento que non fai máis que confirmar, de maneira palmária, que existiron propostas concretas para o reinício de conversacións, e non simples *recados*. A organización armada advirte neste comunicado "que todo o proceso de conversación, e, en xeral, a negociación, queren utilizalo como arma e como outra frente de guerra chea de raiba e de mentiras".

A información, que corroboran as declaracións publicadas por "Egin", ven zanxar a polémica suscitada sobre si existiron ou non contactos e dá paso a duas reflexións incuestionábeis.

A partir de agora xa ninguén poderá pór en dúbida a existéncia dos citados *contactos*. A partir de agora, e na mesma medida que a credibilidade de ETA queda fora de toda dúbida, a de Ardantza e Jáuregui, tamén sen nengun xénero de dúbida, acada as suas cotas máis ínfimas.

Un Ardantza que deberá de xustificar o seu raiboso e histérico discurso, ou pasar á história de Euskadi como o baluarte do Ministério do Interior español. □

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballo. **Vicepresidente:** Antón Fernández Sánchez. **Conselleiro Delegado:** Xosé Fernández Puga. **Secretário:** Pancho Torrente. **Vogais:** Modesto Solla, Manuel Veiga, Fernando Cuñarro, Cesáreo Sánchez, Pancho Torrente,Xosé Mª Dobarro, Xosé Mª Salgado, Norberto Tabarés, Carlos Xohán Díaz e Xoaquín Acosta.

Director: Alfonso Eiré López.

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa.

Correspondentes: Antón Prieto, Miguel Rodríguez Bertojo (A Coruña), Lois Castro (Ourense), Xosé Manuel Pérez (Compostela), Enrique Sanfiz, Maria Xesús Arias (Ferrol), Francisco Arrizado (Lugo), Xosé Castro Ratón (Vilagarcía), Xavier Canosa (Bergantiños), Antón Malde (As Mariñas), Anxel Rosende (Ortegal), Desiderio Martínez Silva (Deza), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), Thierry Lorenzo (O Condado Alto), Montse Álvarez (Baixo Miño), Hernán Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), Gustavo Docampo (Valdeorras), Pablo Naseiro (Terra Cha), Xosé Carlos Villar (O Barbanza Norte), X. M. Santiago Cagigao (O Barbanza Sul), Manuel Díaz (Melide), Xosé Ramón Castro (O Carballiño), Xavier Castellanos (A Estrada), Pepe Rei, Joseba Macías (Euskadi), Alberto Cruz, Teresa Toda(Madrid), Joan Retana (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonçalo Nuno (Porto). **Deportes:** Víctor Míguez (Santiago), Rodolfo Dacuña (Vigo). **Cultura:** Lino Braxe (Lugo), Xavier Fernández Mateo (Ourense), Manuel Carballido (Madrid).

Colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Antón Baamonde, Manuel Rivas, Margarita Ledo Andión, Xosé A. Gaciño, Xurxo Estévez, Xesus Vega, César Varela, Xosé M. Salgado, Suso Piñeiro, Domingos Prieto, Alfonso Rivas, Vítor Vaqueiro, Antón Mascato, Manuel Lueiro Rey, Francisco A. Vidal, Carlos Oliveira, M. Forcadela, X.L. Iglésias. **Internacional:** Xulio Ríos, Fernando Carballa, Mariano Aguirre, Carlos Taibo, Manuel Vilar, Eric Ducheteau, Carlos Duram, Xesus Cambre Mariño, Begoña Moa, Juan Carlos M. Betelu. **Ecoloxía:** M. Chouza, R. Cid, Chus Bello. **Deportes:** R.Rivera.

Humor: Xesus Campos, X.X. Piñeiro Cochón. **Psicoloxía:** M. Fernández Blanco. **Libros:** Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán, J.A.M., Xaquín Agulla, Bernardino Graña.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán M. Carreira. **Arte:** Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane, L. Casado Cadarso. **Cine:** Gonzalo Vilas, Celso López. **Televisión:** Alexandre Banhos. **Arquitectura:** Plácido Lizancos. **História:** Francisco Carballo, Anselmo L. Carreira, Xesus Torres.

Fotografía: Anxel Iglesias, Chus Garcia, Moncho Rama, X. Marra, Che, X. M. Fontán, X.L. Díaz, Nelson Gómez, Moncho Iglesias, Alexandra Díaz, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, Delmi Álvarez, Tachi Castro, Voz Noticias.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Calros Silvar, Ferreiro, Fefo, Xulio Gaioso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.

Axéncias: Novosti, ADN, Prensa Latina.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez, Carlos Soaxe.

Fotomecánica: Ramón Brea Salgueiro

Corrección Lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga (Director), Juan Louzán (Madrid - Telf.: 91-467 31 33).

Suscripcións: Blanca Costas.

Promoción: César Pazos.

Dirección e Administración: Rua Pontevedra, 4-5ª (36201 Vigo) - Apartado de Correos 1371 (36280 Vigo) - Teléfonos: Administración, Suscripcións e Publicidade (986) 43 38 30 Redacción (986) 43 38 86. Fax (986) 43 36 24.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 02-13-3105.

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas suas páxinas respeitando a independéncia dos seus autores; non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite a procedéncia.

CARTAS

V CENTENÁRIO

1992 é un reto para o movimento ánti-imperialista e de solidariedade con América Latina. É xa hora de comezar a desmascarar a celebración dun xenocídio, dunha conquista, de un "descobrimento" que ten o 12 de Outubro como dia "grande".

En vez de celebrar esa matanza, eses 500 anos de contínuo expólio e opresión, hai que adicar-lle ese enorme orzamento da Comisión Pro V Centenário a dar a coñecer os problemas, as misérias, as opresións dos case que 50 millóns de indíxenas que ainda sobreviven en toda América Latina. Viven en constante drama de someter-se ou desaparecer. Ante o notábel avance da cultura maioritária mediante planos oficiais de desenvolvimento para ampliar fronteiras agrícolas, os indíxenas teñen que retroceder cada vez máis cara zonas selváticas, mais chegará un momento no que xa non existan lugares onde retroceder e a "integración" ocurrirá mediante o uso da violéncia, ante o natural resisténcia destes povos para non deixar-se someter.

A sistemática destrución da Amazónia, a represión do movimento indíxena é silenciada polas grandes axéncias de prensa internacional. Un bon exemplo de isto é o levantamento popular que a princípios de Xuño, o movimento indíxena do Ecuador, agrupado na Confederación de Nacionalidades Indígenas del Ecuador (CONAIE) protagonizou. A pesar da dimensión do conflito (o país estivo 12 dias paralisado), a prensa internacional non lle adicou nen unha só liña. Pouco antes das eleicións xerais, provinciais e municipais do 17 de Xuño, o movimento indíxena do Ecuador cuestionou seriamente a un rexime que de cando en cando os convoca a votar e esquece-se de tocar os aspectos relacionados coa sua cultura, vida e supervivéncia. O levantamento iniciou-se coa toma da igrexa de Sto. Domingo, en pleno centro da capital, Quito, por centos de camponeses chegados das suas comunidades. Continuou co bloqueo de todas as estradas do país, con manifestacións e ocupacións das principais capitais departamentias e a toma de máis de 100 facendas. O peche de mercados completou a paralisasión do Ecuador. Para rachar o bloqueo informativo, piquetes de camponeses, ocupaban emisoras locais, nas que difundian os seus comunicados. A resposta de terratenentes e militares non se fixo esperar. A detención masiva de dirixentes indíxenas, a ocupación de comunidades máis combativas e os disparos de arma de fogo para despexar as barricadas,provocaron alguns mortos e numerosos feridos. A pesar da negativa do presidente socialdemócrata do Ecuador, Rodrigo Borja, a negociar e aceitar as reivindicacións alegando que os indíxenas pretendian en realidade crear un Estado dentro de outro Estado, o Presidente tivo que negociar presionado polas mobilizacións. Nos últimos meses puxo-se de manifesto que os acordos alcanzados teñen sido incumpridos por Borja. Ante esta actitude teñen sido incumpridos por Borja. Ante esta actitude guvernamental, o movimento indíxena ten manifestado que non cesará a sua loita para obter o que ten pedido.

O Colectivo de Estudantes Anti V Centenário manifestamos a nosa total solidariedade cos povos indíxenas do Ecuador e a nosa repulsa á celebración do mal chamado V Centenário do Descubrimento de América e o noso apoio á Declaración de Bogotá do 12 de Outubro de 1089 onde os indíxenas e campeneses do continente acordaron impulsar a loita para pór fin a estes 500 anos de opresión e discriminación e dar paso á construción de unha sociedade nova, democrática, solidária e respetuosa coa diversidade cultural, que se basee nos intereses e aspiracións populares. □

Colectivo de Estudantes Anti V Centenário (Santiago)



DOCE DE OUTUBRO

Co gallo desta data e cara o que se tenta celebrar no ano 92 que cinicamente se deu en chamar "encontro entre dous povos" o colectivo Xevale fai unha dura crítica ao que realmente vai ser unha nova recolonización do povo americano.

A Comisión Nacional para a Comemoración do Quinto Centenário tenta celebrar esta efeméride apresentándoa como algo positivo e beneficioso, disfarzando a realidade que supoxo e ainda supón a destrución social, ecolóxica, cultural, económica e física, dos povos indíxenas da América. Esta comisión non dubida en dedicar máis de 500.000 millóns de pesetas para esta celebración, esquece facilmente os problemas da débeda externa, fame, xenocídio... que atinxen a estes países. A invasión armada de hai cincocentos anos toma hoxe forma de expólio de todo tipo através de coñecidas institucións como o Banco Mundial, Fondo Monetario Internacional, a CEE, o império Yanki ou calquer multinacional.

Pensamos que este Quinto Centenário debe ser unha data de denúncia das atrocidades de que foron e son obxecto os povos de América e, á vez, unha ocasión de comprometer o noso apoio na procura da verdadeira emancipación, liberdade e identidade destes povos.

Xevale invita á sociedade a reflexionar ante a história e a crua realidade na que están a viver hoxe estes povos irmáns que sempre nos acolleron nos duros tempos da emigración. Pero tamén chamamos a actuar en todos os eidos através de protestas, de reivindicacións... e ante todo con mostras de solidariedade de cara a conquerir unha auténtica xustiza que están a demandar estes povos.

Cara os vindeiros anos Xevale traballará duramente através da denúncia e a crítica a esta celebración, pero sobretodo en proxectos de cooperación con comunidades indíxenas de América.

Xevale remitiulle unha carta ao Rei Juan Carlos calificando de "barbárie tráxica e humillante" a "conquista" e un "insulto" a sua celebración no ano 1992.

Declaramos o dia 12 de Outubro "dia de loito mundial". □

Colectivo Ecopacifista Xevale (Monforte)

PUBLICACIÓNS E BIBLIOTECAS

A associaçõ cultural galega com sede em Madrid: "Embaixada Galega da Cultura-Renovação", legalmente constituida e inscrita no registo oficial quer fazer público o seguinte.

a/ Esta associação cultural tomou a decisão de enviar a todas as bibliotecas galegas as nosas publicações, gratuitamente, para que nenhum leitor fique privado destas obras por causas alheias à literatura, normativa, etc..

b/ Realizados estes envios a todas as bibliotecas públicas incluidos os concelhos de cabeça de bisbarra, isto é, Sárria, Minho, Mondonhedo, Monforte, Porrinho... Etc.. Encontramo-nos com a surpresa de que o primeiro envio á biblioteca municipal da "Povoa do Caraminhal" é "rehusado"!! Fazemos outro envio, esta vez "certificado" e da seguinte maneira: Sr/Sra. Bibliotecário/a da Biblioteca pública municipal da Povoa do Caraminhal/ Puebla del Carmiñal... A nossa surpresa produze-se de novo. É "rehusada" uma vez mais a nossa revista só por usar um topónimo que polo visto provoca as iras dos senhores regedores deste concelho!! Mas é que não entendem a segunda forma que despois da barra incluimos?

c/ A que extremos de ódio chegamos neste país galego á nossa própria língua? Que delito temos cometido aqueles que defendemos um galego descastelhanizado? Por qué os leitores desta biblioteca são privados da nossa revista pola decisão de alguém tao inculto e "reaccionário"?

d/ Não imos intentá-lo e novo, não enviaremos mais as nossas publicações á "Povoa do Caraminhal" mentres a normalidade e a inteligência não governem o concelho, pero denunciamos ante o opinião pública estas atitudes só próprias de uma época passada (?)

e/ Agradecemos a correta atitude das bibliotecas públicas municipais, ou da "Junta", de outros lugares por se terem molestado em nos remeter o seu agradecimento polo envio da nossa revista:

Betanços, A Corunha, Ourense, Monforte de Lemos, Ponteareias, e muitos outros concelhos, que nao só amostran gratidão senão que pedem que continuemos a lhes mandar as nossas publicações que gostosos porão à disposição dos leitores. □

R.Q.F. (Madrid)

DISTENSIÓN INTERNACIONAL

Os positivos procesos que se están a producir hoxe na área internacional especialmente en Europa, abren o camiño a novas conceicións acerca da seguridade dos povos e das nacións como unha das condicións fundamentais para garantir a paz e o progreso da humanidade. Unha xeira de factores políticos, económicos e militares conduciron actualmente á criación dunha realidade que está caracterizada por unha tendéncia que ten como obxectivo substituir o equilíbrio da forza polo diálgo político e construtivo, a confrontación dos blocos militares pola colaboración, e a desconfianza polo bon entendimento. Isto ocurre porque a cuestión da seguridade e da cooperación en Europa son determinantes para o desenvolvimento positivo ou negativo no mundo. Non se pode acadar a seguridade através da carreira armamentista, coa confrontación dos blocos e o ilimitado arsenal da guerra fria.

Nas novas condicións, nas que existe unha tendéncia á democratización das relacións internacionais, cando se nota cada vez máis o papel dos países medianos e pequenos que esixen a sua afirmación ante os maiores, e a sua directa participación na solución dos problemas mundiais, a seguridade non pode ser bipolar. Sen negar o peso e a responsabilidade dos grandes países no campo da seguridade, agora esta seguridade debe ser xeral e para todos. Cada país adquire a importáncia dun factor de estabilidade da situación no mundo, e convértese en tal cando a seguridade e a distensión política van acompañados por outros procesos beneficiosos.

Outra condición para que a seguridade sexa xeral e estábel é a redución do abismo de desigualdade no desenvolvimento económico entre os diferentes países, á axuda aos países pobres para que entren no camiño xeral do desenvolvimento moderno, e a explotación dos ben materiais e espirituais da nosa época. O trinómio distensión política, colaboración en interese recíproco e redución da desigualdade no desenvolvimento, é determinante para profundizar o proceso de distensión, para a sua afirmación como unha tendéncia que este trinómio, atope plena expresión mentres haxa ainda motivos para os diferentes conflitos políticos, económicos e sociais, segundo amosa o caso do Golfo Pérsico, debido á agresión do Iraq, ou cando se producen os estopidos das paixóns nacionalistas en diversas zonas de Europa.

O desexo dos povos é que o espírito de colaboración internacional se consolide, para que a paz e a seguridade sexan garantidas para todos os países e povos, sexan grandes ou pequenos. □

RICARDO ÁLVAREZ (Vigo)

CHAME AO
TLF. (986) 43 36 24
E SOLICITE
AS NOSAS TARIFAS
PUBLICITÁRIAS
A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

somos coñecidos
na Galiza inteira,
pola nosa
especialización
en libros
galegos
e portugueses

libraria couceiro
Praza do Libro
Tel. 26 63 77
A CORUÑA
República
de El Salvador, 9
Tel. 56 58 12
SANTIAGO

Morre Lueiro Rei, xornalista e escritor da rebeldia e o compromiso

O pasado xoves, 11 de Outubro, falecia no seu domicílio de O Grove, o escritor e xornalista Manuel Lueiro Rei. Lueiro pertencia a unha saga de escritores que xeracionalmente estaban marcados pola dramática experiéncia política do golpe de estado militar do 18 de Xullo do 1936. A sua biografia está preñada polo compromiso e a militáncia a prol das ideas da liberdade e o socialismo o que lle ocasionou non poucos problemas na sua vida.

Lueiro Rei naceu o 9 de Abril do 1916 en Fornelos de Montes ainda que desde neno vai residir no Grove onde vive o golpe militar de Franco. Precisamente desa ferida fonda, que el lembraba como decisiva no artigo póstumo que publicou *Faro de Vigo* o sábado que era enterrado, está atravesada toda a sua obra como xornalista e como escritor en vários xéneros.





O veterano xornalista e escritor foi, nos últimos anos da sua vida, asíduo colaborador de *A Nosa Terra*

Lueiro estivo fuxido polo monte nos primeiros meses daquel verán aciago. No 1942 gaña praza como técnico do Ministério de Facenda e por eses anos faise militante do Partido Comunista mantendo contacto coa guerrilla na Galiza e cumplindo labores como corresponsal da emisora Radio España Independiente.

A sua relación coa emigración galega é moi intensa e persiste, nomeadamente na figura de Arturo Cuadrado, até os nosos dias. Foi na Arxentina onde estabeleceu unha íntima amistade coas grandes figuras da cultura galega emigrante do momento: Luis Seoane, Lorenzo Varela e o próprio Cuadrado. En distintas viaxes nos anos 1968 ao 1972, Lueiro ten unha intensa actividade como conferencista na América e ali publica algun dos seus libros. Nestes últimos anos a sua presénCia na prensa, un meio querido por el e onde velou as suas primeiras armas como escritor, cinxiuse aos xornais "Hoja del Lunes" de Vigo e "Faro" e a este semanário como columnista durante vários anos.

A obra de Lueiro, sempre a cabalo das línguas galega e castellana, é extensa e nun repaso aparecen os títulos *Manso, Nacencia. Cuentos y poemas, Juncia de amor, Vicente y el otro, Un tempo de sol a sol (poemas do neno galego), La noche espera al alba, Escolma ferida , O Sol na crista do galo* e *Un tempo de sol a sol*, recollendo no volume *Crónicas de una transición intransigente* parte da sua prosa de xornal dos anos 1977 e 1978. Lueiro ten participado tamén en diferentes homenaxes colectivas que adoptaron a forma de libro, como o soado *Poemas al Che*, editado na Habana no 69 ou *Chile no corazón. Homeaxe a Pablo Neruda*.

Activo militante do PC, Lueiro Rei foi concellal por esta formación no Grove nas primeiras eleicións municipais do 1979. □

CRÓNICA DUN XORNALISTA

G. LUCA DE TENA

Da minguada nómina de escritores galegos nos que a condición de cidadán, de home dun tempo e dunha terra, axexa, cruza, atravesa e rouba secadía as convencións e regulamentos temporais do ofício literário, o nome de Manuel Lueiro Rey ten todas as condicións para figurar en primeiro plano. Deseguida compre engadir que na obra toda de Lueiro hai unha vontade de estilo e unha vocación estética inequívoca vencellada á xeneración galega do desterro — Seoane, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado, Dieste, Blanco Amor— e relacionada coa do exílio do 27.

O compromiso do autor de *Crónicas de una transición intransigente* (entendido aquí no mellor senso gramsciano de escritor aliado cunha filosofia de liberación) persegue a memória porque milita na créncia de que lembrar é de vivos: a loita por recuperar a memória é como a batalla contra o poder. Nos *amenes de un reinado* que foron os banzos últimos da escada da Ditadura o secuestro máis escandaloso era precisamente o do direito a lembrar. Se por man da Ditadura quedase, todo teria solermiñamente mudado naquel impresentábel trilobites das tendéncias que predicaba o bunquer do fascismo mal chamado ideolóxico; ou no pantasmal *espíritu del doce de febrero*, que fora comicidade pura se non costara o sangue de Vitoria e Montejurra e tantas outras. Quen non lembra está condenado a repetir os erros e *cambiar es de sabios*, como dí un indignado personaxe das *Crónicas*, coa condición de que se podan asumir e interiorizar os antecedentes de calquera sustitución do poder. Se nos quitan o direito á memória pode suceder que, no cámbio de direito, a amnistia sexa, como de feito sucedeu, para os que trincaban da ditadura.

Eu non me resigno á normalidade imposta de que as crónicas de Lueiro, publicadas en boa parte en diários e revistas no lento decorrer da transición política, non teñan hoxe espácio posíbel como recanto de opinión, tribuna libre ou calquer outro disimulo posíbel das ideas que non aloumiñan ao poder, nas publicacións da Galiza. Esta poderia ser a mellor constatación de que o autor exerceu con precisión o desacreditado ofício de Casandra, escandalizado porque unha transición a médias se convertise na perpetuación do poder. As non poucas publicacións periódicas de España, e até o compromiso dalgun diário da Galiza pola democrácia, non foron, polo que hoxe é evidente, máis que un préstamo interesado do poder, carente dunha burguesia democrática e disposto a chamar á pólvora antes que recoñecer a tradición democrática na esquerda (outra non habia). Eu entendo que non outra foi a razón de que por alguun tempo na prensa da Galiza (que dispón hoxe de modelos abondo para unha asignatura de terror en calquera escola de periodismo) se lle chamasen ás cousas polos seus nomes. Quen esté interesado en pór á proba o que digo, que intente o diálogo por carta ou artigo con algun deses bustos parlantes que son os columnistas dalguns diários galegos. Jefferson dicia que a liberdade de expresión era a que garantia todas as demais nunha democrácia e será que a liberdade de monólogo que disfrutamos non é entre nós senón reflexo do exercício do poder.

> 'A PROSA PERIODÍSTICA DE LUEIRO TEN O ARRECENDER ÁS VECES ACEDO MAIS SEMPRE CONMOVENTE DO PAN QUE SE COLLE NO FORNO CON URXÉNCIA'

Todo isto ven a conto de que en calquera comunidade con boa saude política un escritor que publica aos 17 anos o seu primer artigo (diário *El País* de Pontevedra) contra a pena de morte; que burla a represión na busca sen descanso dunha língua política e ética; que traballa na liberación da cultura do secuestro escolástico e da función estupefaciente sen renunciar á poesía e a beleza; que continua a tradición dos grandes escritores de periódicos da Galiza, con pluma afeita a vários xéneros e a duas linguas; un escritor asi, entendo eu, é un ben público: algo asi como parte do património dun país. As crónicas son unha mostra do que digo e do que Lorenzo Varela escrebeu da prosa periodística de Lueiro "que ten o arrecender ás veces acedo mais sempre conmovente do pan que se colle no forno con urxéncia". O ar de liberdade, a seitura da língua das crónicas, a confianza que transmite na dignidade e no futuro do home, é algo ao que temos direito os sofridos leitores de diários na Galiza condenados á incultura como xénero e a contemplación estólida do imperialismo. □

Prólogo ao libro de Manuel Lueiro Rei, "Crónicas de una transición intransigente"

ANTE A BANDEIRA DE MANUEL LUEIRO REI

XESUS ALONSO MONTERO

Cando, horas despois do seu pasamento, un xornalista me invitou a que sinalara, "en dúas palabras", o rasgo máis relevante de Manuel Lueiro, eu, de contado, contestei: "Morreulle a Galicia unha das súas máis firmes conciencias críticas: unha conciencia crítica permanentemente radical".

En efecto, foi radical mesmo en tempos en que selo constituía grave risco. A súa militancia no Partido Comunista nos anos do clamor da Victoria de Franco fainos pensar nun home incapaz de ser cómplice de calquera situación política bastarda. Home de principios, sábese ben cal foi a súa bandeira, e envolto nesa bandeira foi enterrado hai días.

Hoxe xaz no camposanto do Grove baixo unha fouce e un martelo vermellos, que nada teñen que ver co martelo e coa fouce aducidos por Ceaucescu durante décadas. Lueiro, como tantos outros esquerdistas auténticos, sabía moi ben que o Capitalismo, capaz de xerar prosperidades sectoriais, é un sistema moralmente inicuo, e sabía que desde esa concepción da existencia non é posible achegarse á verdadeira raíz dos problemmas e das inxusticias. Como *radical* (que vén de *raíz*) a súa moral non podía se-la egoista do Capitalismo; tiña que se-la solidaria do Comunismo, que teñ que ver con *comunidade* e mesmo con *comunión*.

> 'HOME DE PRINCIPIOS, SÁBESE BEN CAL FOI A SÚA BANDEIRA, E ENVOLTO NESA BANDEIRA FOI ENTERRADO HAI DÍAS'

Nesta esixencia, que nel, ás veces, semellaba intransixencia, viviu nos derradeiros anos, anos nos que foi, a cotío, un crítico radical das eivas desta democracia (non da Democracia). Nunha sociedade tan prosaica, tan pragmática e tan hedonista, a voz crítica de Lueiro era unha beizón: unha beizón e case un milagre. □

DA GASTRONOMIA AO COÑECIMENTO

A. LÓPEZ

A primeira necesidade dos homes primitivos, cando os tempos ainda non eran história, foi a de comer. Mais, cando o individuo tiña o bandullo cheo, logo dunha lixeira sonadiña, observaba. Miraba de arriba a abaixo os restos óseos do zanco de ave comido. Despois de miralo moito utilizouno, fixo con el agullas ou coitelos e de aí naceu a cultura. Pero non contento con iso, ao dia seguinte matou, matou un animal para ver como era por dentro, con calma, apartando capa por capa, diseccionando pouco a pouco, probando e poñéndolle nome ás vísceras. Da curiosidade e observación naceu o coñecimento, quizá dese acto cruel quede no subsconsciente colectivo o sadismo cara os animais, o dano inecesário, a experimentación _ dexenerada, pois non se coñece o motivo desa acción. Pero non é este o tema que hoxe nos ocupa.

Retomando o tema gastronómico do coñecimento chegamos a Cunqueiro, pesoa moi achegada ao mar sobretodo desde o prato, mais tamén dun xeito curioso e observador, don Álvaro de seguro que utilizou o método científico para clasificar os produtos do mar polo seu sabor, repetiria unha e outra vez o fenómeno, até dar cunha categoria para cada especime.

Pero ao igual que os homes primitivos, non satisfeito con iso inteirouse do nome que os científicos deron ao marisco, quixo saber máis e ficou abraiado cando descobriu que a centola se chamaba *Maia squinado*, a langosta *Palinuro elephas* e a nécora *Portunus puber* (revisada actualmente a nomenclatura foi aceitada *Necora puber*) e quedou fascinado porque estes nomes levábano directamente á antiguedade, á mitoloxia grega e romana. Perguntábase como os científicos lles puxeron eses nomes divinos e helénicos a estas espécies, quizá os primeiros estudiosos puxéronlles eses nomes por non chamarlles "Meu deus", "Estrela entre os mariscos" ou "Oh señor, señor" ao probar as suas entrañas na meticulosa disección, como xa fixera hai milleiros de anos o prehomínido curioso.

Ao coñecer todo isto de seguro que don Álvaro iria máis unha vez probar estas espécies, para deixar correr o seu maxin polo ceo buscando as Pléiades e entre elas a Maia, a estrela máis fermosa, ou pola Eneida seguindo o rumo da nave de Eneas que é guiada polo piloto Palinuro, ou quizá invocando ao deus Portunus protector dos portos romanos para que se deixase cair polas nosas costas.

E unha vez rematado o prato pensou, rememorando a Bertrand Russell cando soubo que os melocotóns proviñan de China, "dende que souben todo isto gústame moito máis".

Cando un investigador denomina un ser vivo sempre ten unhas razóns, pode utilizar un critério descritivo (da morfoloxia, lugar onde habita, etc.), pode referilo a un feito comemorativo, ou a unha persoa importante, ou simplesmente aplicar un critério particular. De aí que haxa nomes fermosos e suxerentes, de significado mitolóxico ou con referéncias literarias, mais tamén é posíbel que se esqueza o motivo polo cal se denominou así ou puder ser que, co tempo, se perda o seu significado e con isto, parte da história que agachan tras o seu nome xenérico e o seu apelido específico.

Unha razón máis para denominar un ser vivo é a gastronómica, non hai máis que ver como nomeou Linneo o mexillón, o croque ou a ostra, co apelido de "edule" (*ostrea edule*) que se poderia relacionar co verbo latino *edere* que significaba nutrir, sen dúbida nengunha, Linneo coñecia ben esas espécies, pois, como descrebilas sen o seu sabor!

O exemplo máis claro é o do níscalo, un sabroso cogumelo abondoso baixo dos piñeiros, que ten como nome científico *Lactarius deliciosus*, e non merece máis comentário, de seguro que de sabelo D. Álvaro, seria o seu prato preferido. □

(A propósito de: "Con la marisquería gallega. Fábulas y leyendas de la mar". A. Cunqueiro)



CONGRESO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA

Do 22 ó 27 de outubro de 1990
SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE
Dirección Xeral de Cultura

Celebrouse en Mallorca o VII Encontro Galeuzca

Os escritores galegos reclaman maior atención das autoridades para o galego

■ X.C.

Durante a pasada fin de semana celebrouse en Mallorca o VII Encontro de Escritores Galegos, Bascos e Cataláns (Galeuzca) durante os que se debatiron ponéncias sobre a criación literária diante da homoxeneización cultural, a crise da poesia na sociedade tecnolóxica e a história da narrativa nunha dialéctica actual. O encontro decidiu estimar nunha próxima asamblea a entrada en futuros eventos dos escritores asturianos en língua própria.

O pasado domingo dia 14 remataron en Palma de Mallorca os VII Encontros Galeuzca no que participaron 15 escritores galegos. O Encontro, estruturado en ponéncias elaborou un comunicado final que critica a homoxeneización cultural imposta polo mercado dominante, "que se traduce nunha universalización destructiva das nosas línguas e cultura, nun proceso de etnocídio paralelo ao deterioro do mundo físico. O noso posicionamento ante esta realidade defende a intercomunicación entre iguais e para conseguila reivindicamos unha política cultural, educativa e editorial qque asuma a defensa das nosas culturas nacionais"

Noutra parte do comunicado faise referéncia explícita á poesia e a sua depreciación no *mercado* da cultura, "contestamos a depreciación da Literatura e en especial da Poesia no mundo



Uxio Novoneira

actual e avogamos pola sua difusión através do libro en primeiro lugar e de todos os médios que a tecnoloxia moderna oferece". Finalizan cunha referéncia ao ensino e aos meios de comunicación "que deben colaborar na loita pola recuperación do mundo oral e da memória colectiva".

Os escritores galegos suscribiron un escrito dirixido ás autoridades institucionais galegas, no que se manifestan "ante o evidente estancamento no proceso de normalización da língua nos últimos anos tanto no campo do Ensino como no da Administración", instando aos máximos representantes "dos poderes lexislativo e executivo, así como aos rectores das universidades galegas e outras persoalidades e institucións, para que den un verdadeiro paso adiante no proceso de normalización da língua, signo da nosa identidade e forma da nosa nación". Os asinantes, que formaban parte da delegación da AELG, eran Uxio Novoneyra, Maria Xosé Queizán, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xosé Maria Álvarez Cáccamo, Lino Braxe, Miguel Sande, Cesáreo Sánchez, Xavier R. Baixeras, Eloi Caldeiro, Xosé Lois Garcia, Manuel Forcadela, Xoán Ignácio Taibo, Xosé Porto Matalobos, Ánxeles Penas e Xosé Manuel Martínez Oca. □

Atención á banda deseñada do Norte de Portugal

II Encontro de comiqueiros en Ourense desde os dias 22 ao 27 de Outubro

Do 19 ao 27 de Outubro vanse celebrar en Ourense as II Xornadas de Banda Deseñada de Ourense que organizan o Frente Comixário e máis a Casa da Xuventude. O encontro, o máis importante que se realiza no noso país, serve tamén de encontro cos comiqueiros do Norte de Portugal.

As Xornadas de Ourense estrutúranse en exposicións, debates e outro tipo de actividades de obrigada atención polos interesados do xénero. No campo das exposicións, presentes en case todas as sás posíbeis da cidade das Burgas, estarán a adicada á xoven BD portuguesa, "Mas criações"; "Debuxantes en Banda", dos novos criadores da historieta galega; "Papel de Mulleres", unha escolma realizada polo Instituto de la Juventud, "Mujeres Jóvenes" e "Medios Revoltos"; "La Chavalita", comic do portugués Arlindo Fagundes; "Best Of...", obras orixinais do portugues José Morais; "Comic-Saurios", orixinais do número 2 da revista "Frente Comixário"; "Para sair do paso" exposición dos mellores traballos do artista ourensán Tito; "Artecomixário", os últimos doce anos de Andrés Fortes e "Obras de Pepe Carreiro" con traballos do coñecido humorista vigués.

Entre as outras actividades a reseñar deste encontro, o grupo ourensán "Phanzynex" organiza unha exposición con materiais de diversa procedéncia; unha mesa redonda sobre "A BD e outras artes"; un encontro cos ensinantes, unha mostra de vídeos e un "Obradoiro de BD" durantes dos dias 22,23,24 e 25 na Escola de Artes Aplicadas e Ofícios Arísticos.

Os dias 25 a 27 celebraranse as xuntanzas galaico-portuguesas da BD e pecharase o 27 cun encontro informal entre debuxantes, guionistas, editores e diferentes expertos, cunha Festa de Clausura desde a meia tarde do 27. □

LIBROS

Ofício de escreber, un libro de entrevistas

Co título **Oficio de escribir**, Luís Rei Núñez editou, da man de Edicións do Castro, unha série de entrevistas con escritores galegos. As entrevistas viran lume no xornal *Faro de Vigo*. Son doce escritores; digamos que todos os que están, son. Non están todos os que son, de primeiro por espazo, de segundo, porque o autor pára en escritores de máis de cuarenta anos (o máis novo é Alfredo Conde, 1945), e, terceiro, o autor fai a sua escolla.

Os entrevistados son case todos criadores, ainda que dous deles teñan pouca obra de ficción: Valentín Paz Andrade e Filgueira Valverde. Outro é un ensaísta: Ramón Piñeiro. Outro un ensaísta-divulgador: Fernández del Riego. Os outros, agás Novoneira, tanto escreben prosa como poesia, ben que Carlos Casares e Alfredo Conde só —por sorte para todos— lle deron ao verso na sua mocidade.

Os nomes que quedan por dicer: Carvalho Calero, Ánxel Fole, Eduardo Moreiras, Neira Vilas e Méndez Ferrín. Doce nomes que contan (ou contaron, pois o autor avisa que xa non están entre nós Paz Andrade, Ánxel Fole e Carvalho Calero; a pouco de ver lume este livro morria Ramón Piñeiro) na nosa literatura.

As entrevistas, non moi longas —foron publicadas nun xornal, como se dixo—, dannos unha visión cabal de cada autor; visión que se completa coas respostas ao cuestionário Proust (ainda que Neira Vilas, por motivos que non se din, só responde a nove das vintenove preguntas do tal cuestionário).

Oficio de escribir é un livro para ler cando non se teña nada na mesiña de noite. Para ler de vagar. Para saber cousas —ñon moitas, mais si interesantes— destes doce escritores e pensadores. Para mesmo, comparar as respostas duns e outros ao cuestiónario. Un livro que se ben non nos explica o ofício de escreber de cada un dos interesados, quer dicer, dos entrevistados (faltan preguntas, tan parvas, ás veces, como "por que se escrebe" ou "para que escrebe" ou mesmo "como escrebe"), si podemos tirar algunha resposta aqui ou acolá. Son, contodo, entrevistas que nos axudan a facernos unha imaxe impresionista do personaxe; e un libro que serve, tamén, para decatármonos que, ás veces, cunha pequena entrevista e un cuestionário sábese tanto dun autor como despois de ler toda unha série de conversas en volume co mesmo personaxe.

Esperando que Luís Rei Núñez entregue novas entrevistas con outros escritores, leamos este volume, que é absolutamente recomendábel. E, sobretodo, agadezamos ao autor que non esquecera a un escritor e poeta que está a pasar demasiado desapercibido: Eduardo Moreiras. □

X.G.G.

Os saberes de fronteira

Ensaios de Xoán L. Pintos

As fronteiras dos saberes é o título dunha antoloxia detextos, ensaios, documentos, que durante dez anos escrebeu Xoán L. Pintos.(1) O autor mergúllase na leitura e na problemática dunha série de filósofos contemporáneos para resaltar os límites do saber nun xogo de fascinio e de equilíbrio.

O intento é visto polo autor así:

"Os textos reunidos neste libro, fruto como son dunha posición de fronteira, conciben os saberes ao noso alcance como saberes fronteirizos. Construída a obra sobre dous eixos básicos, a fronteira como metáfora das posibilidades do coñecimento, e a pluralidade como modo e resultado do exercício do coñecer, dita fronteira é ao mesmo tempo signo do domínio e da emancipación dese domínio, signo da territorialidade dunha lei e posibilidade de evasión desa regulación legal a meio da transgresión, concebida como o pasar esa fronteira, o poñerse "ao outro lado".

A obra consta de catro partes, 13 capítulos e unha conclusión. As duas primeiras partes, "Suxeitos e razóns", debaten con P. Sartre, Michel de Foucault e K. Marx. Os capítulos respectivos son os máis longos e as pescudas moi severas. Podemos resaltar as páxinas dedicadas "a verdade, representación e poder" en Michel de Foucault:

"Hai que deixar de falar ideoloxicamente do poder para baixar ao nível da relacións do poder, non sempre claras e a miúdo contraditórias. Por iso nos invita a pararnos un momento no noso discurso e focar o poder como criador, como produtor. De que?"

De saber. En várias entrevistas que Foucault concede ao longo de 1975 aparece esta problemática constantemente: "Se o poder non tivese por función mais que reprimir (...) se non se exercese máis que en función negativa, seria fráxil. Se é forte, é debido a que produce efectos positivos do desexo e tamén a nível de saber. *O poder, lonxe de estorbar o saber, produceo*".

Nas outras duas partes, "accións e sociedades", entran no debate Mounier, Machiavelli, Marcuse, Habermas, etc. Mentres na temática relixiosa o interlocutor fora Marx, na moral é Maquiavelo. Nos capítulos destas séries a preséncia e a problemática da sociedade galega é constante. O capítulo 11 é unha proposta metoldolóxica para investigar a sociedade rural galega. Pintos afirma que sobran estadísticas pero faltan dados; subliña igualmente a homoloxia desta sociedade con calquer outra tamén rural. O capítulo 12 aborda un tema tópico, o caciquismo. Di:

"O caciquismo non é unha pura atitude de resisténcia e de mantimento da posición privilexiada, xa que entón desapareceria coas capas sociais que supostamente o xeran; non máis que un produto dunha clase social determinada, o caciquismo é esencialmente un fenómeno de *mediación social*". (p. 284)

Con esta bagaxe metodolóxica Pintos analisa a obra de A. Castelao, *Sempre en Galiza*, para abrillantar as afirmacións do ilustre político nacionalista.

A obra en conxunto resulta unha caceria de acertos, paradoxas e atrevimentos. Pintos métese inteiramente nos seus escritos: xoga, emerxe, mergúllase, non deixe títere con cabeza, nen cabeza sen afeitado. Ler a Pintos é pasar do brillante ao esperpéntico, do estelar ao cotián: é praticár un deporte nunha socioloxia para despertar durmintes da ciéncia convencional.

Digamos, por fin, que Xoán Luís Pintos de Cea é profesor en Santiago de Compostela, departamento de Socioloxia da Universidade. Naceu en Santiago en 1939 e cursou estudos de Teoloxia, Filosofia e Socioloxia en diferentes universidades europeas. Nos anos 60 participou activamente nos "Colóquios galegos de cristiáns" (os europeos) e agora suma á docéncia unha investigación de equipa interdisciplinar de profesores e alunos. □

FRANCISCO CARBALLO

Pintos, Juan Luis, **Las fronteras de los saberes**. Akal, Madrid, 1990. pp. 318.



Manual de História Contemporánea

Con este terceiro volume, remata a obra de História Universal, coordenada por Carlos Sixirei Paredes e da autoria de numerosos historiadores.

O método lembra a Historia de *siglo XXI*, inda que só a nível de alta divulgación. O interese está na síntese de acontecimentos da História Universal que se nos dá na nosa própria língua. Pero a obra non está escrita desde Galiza, senón desde os manuais que se resumen. Predomina a visión institucional e evenencial sen máis. Este volume III consta de 15 capítulos e un epílogo. O 12, 14 e 15 son sectoriais e algo diferenciados do resto, especialmente o 12, bon resumo dos procesos de subdesenvolvimento. Algo parecido esperabamos do capítulo 4 sobre o colonialismo, que está visto mais desde as metrópolis que desde a descolonización.

Un bon servício de edicións do Castro á cultura galega. É necesário que alunos de C.O.U. e o público en xeral teñan a man, en galego, o saber enciclopédico que convén tantas veces. □

F.C.



No cruxol do galeguismo

Ed. do Castro edita en facsímil a colección *Nova Galiza*, números 1 a 18, 1937-1938. O coidado da edición estivo a cargo de Xosé Lois Garcia.

Esta edición facsimilar resulta de difícil leitura, debido ao tamaño minúsculo das letras; debeuse utilizar outro formato.

Fora diso, non pode ser máis a propósito tal obra. Coidaron a publicación R. Dieste e A.R. Castelao. Hai páxinas inteiras destes dous incomparábeis rianxeiros. Pero resérvannos as suas páxinas moitas surpresas, v.g., poemas de R. Cabanillas de inflamado verbo republicano; do seu fillo hai artigos na mesma dirección. Blanco Amor acodeu tamén como B. Alvarez. E tantos máis.

Nesta revista *Nova Galiza* está en *nuce* "Sempre en Galiza" de Castelao, hai numerosos reproducións dos debuxos de guerra; revélase de corpo inteiro Dieste e aparecen, nada menos, máis de 600 nomes de asasinados naqueles anos na Galiza. Un documento valioso para todos. Se o lesen os mozos, que liberación terian! □

F.C.

CINE EN T.V.

'Eisenstein na madrugada dos martes

A folga

A partir do vindeiro martes o primeiro canal da televisión estatal fai unha proposta cinematográfica que desde hai tempo botábamos en falta. Por primeira vez vaise abordar de xeito continuado a filmografia do máis grande criador que ten dado o cine, **Serguei Mijailovich Eisenstein**. Se o anúncio non varia, teremos a oportunidade non só de ollar alguns dos momentos clave da história do cine, senón tamén de exercitar a nostálxia daqueles momentos onde ollar "Potemkim", "A Folga" ou "Outubro" en exibicións clandestinas, no soporte dunha sabana branca pendurada da parede dunha casa amiga, erta tamén un exercício de modesto combate contra a Ditadura, en tanto contribuia á toma de conciénciua, o debate e a reflexión sobre o réxime do Xeneral.

Nado en Riga, capital da Letónia, en Xaneiro do 1898 e morto 50 anos despois en Moscu, S.M. Eisenstein foi definido por Georges Sadoul como "un titán, un xénio do cine, un home do Ranacemento". A sua aportación cultural e estética no campo da práctica artística confirma unha traxectória intelectual de difícil comparanza en toda a história do cine. Realizador, guionista, montador, debuxante, figurinista, ambientador, director teatral, arquitecto, actor, pintor, matemático, comunista, defensor dunha arte para o povo que fose tamén unha arte ao servício da revolucióin... velaí os seus atributos.

Con só sete películas realizadas (ademais dunha longa morea de proxectos inconclusos, entre elas lêvar ao cine "Ulises" de Joyce ou "El Capital" de Marx), unha imprescindíbel aportación no campo da teoria do cine e unha rica e complexa incursión no terreo das artes plásticas e o teatro, a obra de Eisenstein constitue unha preciosa síntese de todo o percorrido intelectual e político dos movementos de avangarda durante a primeira metade do noso século.

Eisenstein aplicou ao cine a técnica da "montaxe de atraccións" que ignora a regra das tres unidades e consiste en que da correlación de duas imaxes sen relación entre si extráese unha idea... e fixo das personaxes colectivas, do povo, das masas explotadas, as protagonistas únicas dos seus filmes, de xeito que as suas obras son como grandes frescos corais nos que se desprécia o valor individual do actor até chegar á emoción e o compromiso polo camiño do conxunto. Un ritmo perfeito, case de danza, un emprego excepcional da montaxe, que fai inecesárioiis os movementos da cámara e que fai tamén que os seus filmes sexan exemplos paradigmáticos e únicos da sua utilización, unha perfecta comprensión do manexo da cór (exemplo só na segunda parte

Eisenstein en Moscu (1923)

de "Ivan Grozn" *Ivan o Terríbel*), da música ("Alexandr Nevsky") e unha perfeita orquestración complementária entre a eleición da planificación... velaí alguns dos atributos que converten a Eisenstein nun xénio único da conformación do cine como unha das sete artes e como un dos máis grandes artistas do século vinte.

A folga

"A folga" ("Statcha", 1925), cinco pezas en seis actos, parte dunha série de filmes sobre o movimento obreiro ante a Revolución do 1917. Posta en cena por S.M. Eisentein con artistas do primeiro "Teatro Obreiro do Prolet Kul", o filme que mereceu un prémio na Exposición de Arte Decorativo de Paris no 1925, sorprende polo seu vigor e perfeición técnica, sobretodo tendo en conta que está feito por un rapaz de apenas 25 anos. Como sempre en Eisenstein o protagonismo é colectivo e a sua facilidade para saber combinar e mesturar primeirísimos planos con planos totais ou de obxectos, a sua mestria para explorar os contrastes de ritmo na montaxe e darlle intensidade e emoción dramática, a sabiduria por controlar grandes movimentos de masas nos horizontes dos decorados naturais, son todos elementos que están xa ben presentes en "A folga" e servian como esquema básico xeral para o seu emprego e eclosión definitiva en "Potemkim".

De feito o ataque aos directores de fábrica e certos momentos da matanza final dos obreiros, evocan respectivamente o motín dos mariñeiros e a mítica secuéncia das escalinatas de Odessa en "Potemkim".

En suma, "A Folga" define xa absolutamente a persoalidade de Eisenstein contida con perfeición na sua resposta a unha definición de Dziga Vertov: "A miña cámara é coma un ollo". Eisenstein contestou: "A miña cámara é coma un puño". □

CELSO X. LÓPEZ PAZOS



Eisenstein, á direita, co seu operador Tissz na rodaxe de "A Folga"

CINE

Tristes amores

Monsieur Hite

Case dous anos despois da sua estrea no Festival de Cannes, proxéctase en España *Monsieur Hire*, unha das poucas películas francesas que por capricho dos distribuidores pode verse neste país.

Basada na novela homónima de Georges Simenon, a película é un retrato dun personaxe particular, magnificamente interpretado por Michel Blanc, que vive nun mundo de soedade, sen comunicarse co exterior. O descobrimento dunha viciña, Sandrine Bonnaire, que se ispe todas as tardes coa ventá aberta, serve para estabelecer unha relación entre duas persoas singulares. Frente ao clásico retrato dun "voyeur", Patrice Lecomte, director e guionista do filme conta a história de amor que fai pensar no universo de Kafka, ainda que non falten referéncias cinematográficas a Buñuel e a Alfred Hitcock —especialmente *A xanela indiscreta*.

A descrición da parella ven dada cun ritmo lento, sen ocorrer grandes acontecimentos externos pero onde a trasformación ocorre no interior dos persoaxes. O clima de rareza ten duas colaboracións importantes na fotografia de Denis Lenoir —moi pálida, parecendo case unha radiografia da realidade máis que undocumento exacto— e a música repetitiva de Michael Nyman —o autor das bandas sonoras das películas de Peter Greenaway.

A calidade desta película destaca nun panorama marcado pola estupidez ou mediocridade. Esperemos que con ela veñan máis películas francesas —faltan, entre outras moitas, as últimas películas de Bertrand Tavernier, Alain Resnais, Chabrol e Godard— ás nosas pantallas. □

CARLOS AMARO

ARTE



Xosé Freixanes

Despois de catro anos desde a sua última mostra en Madrid, volve expor na mesma galeria —Juana Mordó— o pintor pontevedrés X. Freixanes. A sua inclusión nesta prestixiosa galeria, supón un recoñecimento importante á obra dos artistas plásticos galegos, sen esquecer as exposicións periódicas de Menchu Lamas, Antón Lamazares e Antón Patiño na galeria Miguel Marcos e dos mais novos, Dario Álvarez Basso e Din Matamoro na Antonio Machón.

Esta proxección da arte xoven galega é sempre unha boa nova, despois de tantos anos de facer unha arte localista —cheo de polbeiras e cruceiros— que non saía máis alá do Ferrol.

Unha dúcia de cadros grandes e de forte impacto visual forma o conxunto da exposición de Freixanes. Con nomes tan belos coma "Mareante solitário", "Unha casa na China vermella" —sen dúbida, o cadro con máis forza do grupo—, son cadros que non din grandes palabras, pero suxiren moitas emocións. Dividido o espácio en grandes superfícies monocromas onde, coma unha mancha ou unha illa, quedan no centro os animais e as xeografias que falan de soedade e de mistério. Cada cadro garda unha referéncia a un mapa, sen límites precisos. Compón unha xeografia interior, onde unhas poucas referéncias narrativas poden explicar a eséncia do lenzo. Os vermellos fortes e os ocres buscan un espácio persoal, facendo un equilíbrio entre a composición ceibe e a austeridade cromática. Freixanes, coma outros membros do antigo grupo Atlántico, móstrase agora máis maduro e case ascético, quedando no lenzo só o necesário. A impresión final da exposición é de soedade, de paisaxes imposíbeis e de cabuxas que non queren ir ao monte.

CARLOS AMARO

O diñeiro pintado

Andy Warhol

Tres anos despois da sua morte crecen as exposicións sobre Andy "Money" Warhol, o último xénio de Pennsylvania, ao mesmo tempo que as cotizacións dos seus cadros. Profeta do arte *pop*, eterno copista dos obxectos máis nímios da sociedade de consumo —desde as sopas Campbell até os deterxentes— a sua contribución á arte moderna é decisiva, segundo os críticos máis "entendidos".

A nível das institucións nen sequer se plantea a validade da arte de Warhol —baste lembrar a gran mostra montada na prestixiosa Hayward Gallery de Londres o ano pasado. Na exposición actual da Fundación March exponse unha parte da série *Cars*, trinta e seis cadros grandes —todos serigrafias e acrílicos sobre lenzo— e dez debuxos. O título fai referéncia á compañia alemá Daimler-Benz, proprietária de toda a série, que hai dez anos encarregoulle a Warhol pintar os principais coches que forman a história da casa Mercedes, desde os primeiros até os prototipos máis futuristas. Coma sempre, Warhol parte da ampliación dun orixinal fotográfico, botándole logo un número reducido de cores planas. Os cadros están basados no tema da repetición e a impresión xeral é dunha série de pinturas mecánicas, feitas sen nengunha emoción —fálase de que moitos dos cadros fixéronse no taller de Warhol, sen participación do mestre. O grafista é moi superior ao pintor e a posíbel crítica social dos cadros —non moi abundante na obra inteira de Warhol— que existia nas séries de cadros sobre acidentes de coches nos anos sesenta, non se encontra nesta série. Hai unha diferéncia grande entre as pinturas dos coches máis modernos —cercanos ao grafismo— e as dos primeiros modelos —cópias de antigos calendários cunha distribución do espácio e da cor máis forzada.

De calquer forma, o obxectivo de Warhol de ter popularidade é un feito claro: non hai máis que ollar os grupos de xente que enche a sala —a típica xente que non vai regularmente ás exposicións—, comprando posters e admirando ao mestre. É unha arte fácil, de rápido consumo e esquecimento: o ideal para estes tempos de presa. □

CARLOS AMARO



Andando a Terra

Unha escolma dos mellores traballos xornalísticos de Manuel María realizada por M. Pilar Garcia Negro e Miguel Mato Fondo

Marcos Orsi, actor

'Debia desaparecer o Centro Dramático e criarse unha boa escola de actores'

■ GONZALO VILAS

Nado en São Paulo no 1964, este brasileiro de aspecto desgarbado e sorriso amplo escomenzou no teatro hai uns oito anos, chegando á Galiza xunto con Cordovani e a compañia Arte Livre, hai catro anos. Tras diversas experiéncias e contactos co teatro galego, Marcos Orsi é hoxe integrante dun dos máis prometedores grupos, "Ollomol", e autor da obra que os ten aupado a esas boas espectativas: "Moleques".

Cómo é que ficaches por aqui, cal era a tua experiéncia no Brasil?

Eu cheguei coa xira de Arte Livre no 86, e aparte de distintas circunstáncias que me fixeron estabelecerme aqui, queria mudar un pouco o estilo. Alá no Brasil, ainda que faciamos distintos tipos de espectáculos, Cordovani sempre tiraba moito para o drama, era difícil sacalo de aí. Aqui contactei con distinta xente do teatro, andando un pouco de aqui para alá. Cando fun vivir á Coruña, a miña casa estaba á beira dunha garderia. Un dia que me espertaron os berros dos cativos ("moleques" en brasileiro) ocorréuseme a idea para a obra.

E a compañia "Ollomol" como xurdiu?

Pois este mes vai para un ano da sua criación. A idea era estabelecer unha compañia que tivese despois. Os espectáculos, na nosa idea, deben estar adaptados ás características dos grupos, dos actores e tamén dos locais onde se van representar despóis. Esto é moi importante. Tamén o é (e ainda que sexa un tópico, hai que tornar a el sempre) que o actor crea no espectáculo para que disfrute el e o espectador. Que quera facer facer cantas máis funcións mellor, e non que estas sexan unha pesada obriga.

Do que atopaches no teatro galego, vindo de fora, qué foi o que máis te chamou a atención?

Pode que o das subvencións. No Brasil non as hai. Eu non estaba afeito a pedilas, senón a facer números, pedindo aqui e alá o xusto o posíbel para botar a andar os espectáculos.

Pero vós non recibíchedes nengunha subvención para "Moleques"...

Pedímola, pero os critérios de asignación son misteriosos; nón nos deron nada. Agora, para a próxima obra si, tampouco sei por qué. Os cartos puxémolos nós nada máis, aparte dos programas de man, ainda que para iso tamén serva unha folla fotocopiada...

E a obra, contodo, funcionou...

'OS ACTORES DEBERAN ESTAR DESEXANDO TER MÁIS E MÁIS ACTUACIÓNS E NON CONSIDERALAS COMO UNHA PESADA CARGA'

Levamos 30 funcións, e eu queria chegar á cifra de 40, que por estos pagos non está nada mal. Voltando ás subvencións, se estas son moi grandes tamén pode ser contraproducente. Insisto en que hai que se adaptar aos cenários dispoñíbeis. Esta é unha mentalidade que non existe en moitas compañias. De pouco vale unha cenografia moi custosa que só se poda representar nuns poucos locais. O que habia era que dotarse cunha infraestrutura teatral.

Qué che parece logo o sempre polémico Centro Dramático?

Debera desaparecer. O que habia era que facer unha boa escola dramática, pero non se fará porque non é rentábel politicamente, os seus froitos non se verian até pasados polo menos cinco anos. O que debera haber, por outra banda, era máis competéncia, ir á taquilla. No Brasil, coa crise económica tan gorda que hai, hai sen embargo moitos teatros, e a xente bule continuamente para facer o maior número de representacións posíbeis coma ten de ser.

Ese estilo non se usa por aqui...

A competitividade haina aqui para coller a subvención, pero non logo para pelexar por máis representacións, etc..

Neste ponto da entrevista aparece outro integrante do grupo, co que Marcos repasa o calendário de actuacións saído da recente Feira do Teatro.

"Mañán imos facer unha función a Queiruga, pagadeira dentro de 7 meses... despóis un circuito por vários concellos do Norte. Como son bastantes funcións temos que aceitar unha considerábel rebaixa no caché...

É bastante complicado, polo que vexo, facer un calendário de actuacións.

Sobor de todo pola gran diversificación de actividades que se dá nos actores, que fai moi difícil agrupalos para as actuacións e para os ensaios. A dobraxe fastídia moito neste aspecto, e o CDG "rouba" moitísimo tempo dos actores para as suas compañias.

'A DIVERSIFICACIÓN DE OCUPACIÓNS DOS ACTORES COMPLICA MOITO OS ENSAIOS E AS ACTUACIÓNS'

Voltando a "Moleques", percébense uns métodos e un enfoque non moi habituais no noso teatro...

Utilizamos técnicas pouco usadas por aqui —cando menos ben utilizadas, porque bailar moitos o fan, pero "como" xa é outra história. Nós tentamos facernos cuns fundamentos básicos pero correctos; se usamos o "claqué" somos conscentes de non ser Fred Astaire, pero si de dar un nível digno. Tamén tivemos que adeprender técnica de zancos, mímica (a obra non contén diálogos). Para esto estivemos ensaiando 5 meses, sendo o habitual ou a média de ensaios noutros grupos 2 meses. Para o próximo espectáculo pensamos empregar 10 meses.

Cal vai ser pois esa obra nova?

Será "Fas e Nefas" de Blanco Amor. Curiosamente o director, Xan Cejudo, tíñaa coma proxecto, que nunca lograra "colocar" no Centro. Tamén dous dos actores incluidos na produción representárana de moi mozos cun grupo amador. Os grupos profisionais nunca chegaron a facela. Pola calidade da obra e por ser un longo anceio de moitos de nós, temos grandes espectativas.

A obra encaixa nalgún xénero? Cómo vai ser, un pouco por riba?

Vai ser musical, dentro dun argumento que poderia dicerse do xénero fantástico. Temos que aprender a tocar vários instrumentos, o que nos vai levar bastante tempo. Ao darnos tres millóns sobre nove pedidos tivemos que eliminar algunha xente e recortar algun outro aspecto.

Estará dirixida a algun tipo de público. Por exemplo *Moleques* divirte aos nenos, ademáis de aos maiores...

"Fas e Nefas" será un musical para todos os públicos, ainda que pode gostar especialmente aos adolescentes. O público é a nosa única referéncia. Nalguns grupos semella non ser asi; hai obras que parecen feitas para certo tipo de audiéncia ou de crítica. O que nos interesa a nós é quen nos está indo en cada función concreta. □

DICCIONARIO XERAIS
CASTELÁN GALEGO
DE USOS, FRASES E SINÒNIMOS

50.000 ENTRADAS E MÁIS DE 85.000 ACEPCIÓNS PARA ACCEDER A TRAVÉS DO LÉXICO CASTELÁN Ó NOSO IDIOMA

DE PRÓXIMA APARICIÓN

¡Estabámolo esperando!

XERAIS

DIAZ CASTRO DESDE O FRIO

CLAUDIO RODRIGUEZ FER

Tendo en conta que o xénero necrolóxico cae con frecuencia na hipocresía da gabanza oportunista ou na mesquindade da venganza póstuma, eu sempre tendo, quizais de maneira obsesiva, a remitirme ao xa escrito en vida do finado, entre outras cousas porque a sincera tristeza pola perda dun amigo nunca foi para min motivo de inspiración algunha. Vai por diante, pois, que a miña altísima consideración da poesía de Díaz Castro quedou contundentemente expresada nos estudios que lle dediquei en *Poesía galega ou no libro Homenaxe* colectiva.

Pero, solventada esta cuestión, toda nota necrolóxica segue ameazada por outras dúas eivas: o retoricismo sentimentaloide e o impudor de falar máis dun que do homenaxeado, sobre o que realmente non se aporta nada. Coa fin de evitar ambas, quero aproveitar o exíguo espacio e tempo de que dispoño para ofrecer algunha novidade que poida contribuír ao mellor coñecemento da súa obra ou da súa personalidade.

Como é sabido, Díaz Castro trasladouse en 1948 a Madrid, onde traballou, sucesivamente, no *Ministerio de la Gobernación*, no *Instituto de Cultura Hispánica* e no *Consejo Superior de Investigaciones Científicas*. Dependendo desta última entidade, encargouse do servicio de traduccións do *Instituto Científico y Técnico "Juan de la Cierva"*, concretamente no *Centro Experimental del Frío*, posteriormente denominado *Instituto del Frío*. Os tres últimos nomes citados aparecen nos membretes da correspondencia que mantivo comigo o poeta nos primeiros anos oitenta.

Diaz Castro e o autor do artículo

'DIAZ CASTRO SINTONIZABA COA CONCEICIÓN LÍRICA TEORIZADA POR RAMÓN PIÑEIRO'

Precisamente naquelas cartas, Díaz Castro deixa constancia da dispersión e desorden en que se encontraba a súa obra poética non incluída en *Nimbos*, da que nin sequera el mesmo dispuña. De feito, cóntame como tivo que reconstruir de memoria, axudado polo seu irmán Serafín, a triloxía *Nascida dun sono*, que non deu atopado. Na interesante versión que me enviou daquela rexistranse variantes con respecto á primeira, que obtivera o primeiro premio de poesía galega no certame artístico-literario celebrado en Betanzos o 19 de agosto de 1946. Para o autor, o traballo "urxente i abafante" era o principal responsábel de que tivese "moitos escritos propios sen clasificar nin siquera ordenar".

Igualmente interesante é a catalogación que establece a súa obra en tres etapas, correspondentes aos seus inicios clasicistas (representados por *Nascida dun sono* e por *El Cántico de la Ciudad*, poema tamén galardonado nos xogos florais citados), a unha "época intermedia" de producción inédita en castelán e, finalmente, ao libro *Nimbos*, en torno ao que compriría situar os poemas simultáneos ou posteriores non incorporados a el.

Sobre a súa aínda hoxe descoñecida obra en castelán, o propio poeta asegura: "En xeneral, a min no se me coñece en Galiza como poeta galego en castelán, inda que algúns dos meus poemas en lingua castelá penso que non son inferiores en calidade a algúns dos meus poemas de *Nimbos*, quizaveis inda poden ser superiores".

Outro aspecto relevante é a súa sintonía coa concepción da lírica teorizada por Ramón Piñeiro, quen por certo o consideraba como "o mellor poeta galego vivo": "Non é extraño que ao Ramón Piñeiro lle goste bastante a miña poesía, pois ista encaixa moi bén dentro da sua concepción da poesía, cousa que eu sei ben dende hai moitos anos. Tamén a min me gostan os seus enfoques e critérios de valoración".

Poeta de calor no *Instituto del Frío*, a denominación do seu lugar de traballo posuía as máis literarias connotacións, ao xeito da redacción dos ventos creada por Joyce ou da oficiña lírica do leste galego ideada por Cunqueiro. Pero en *Nimbos* non existe a palabra "frío". □

NACIDA DUN SOÑO

CARME BLANCO

Agora que Xosé María Díaz Castro entrou co seu sorriso de sempre no sono final, quero recordar un dos seus soños poéticos máis exultantes de alegría vital: *Nascida d'un sono*.

Foi en 1946 cando o entón xove poeta, que vivía daquela en Vilagarcía de Arousa, decidíu presentarse aos Xogos Florais de Betanzos cun longo poema en castelán sobre dita urbe e un tríptico de sonetos galegos en honor á muller betanceira. Ambas creacións obtiveron o primeiro premio da súa modalidade no certame que, como era lóxico, segundo os valores vixentes, consolidaba a xerarquía superior para o escrito en castelán sobre a temática betanceira xeral (premio de mil pesetas e flor natural) e o status subalterno para o feito en galego sobre o motivo femenino (cincocentas pesetas). Nese mesmo ano o propio autor editaría as composicións na imprenta Celta de Vilagarcía: *El cántico de la ciudad* e *Nascida d'un sono*.

É así como xurde o "Tríptico á groria da betanceira", subtítulo dos tres sonetos que conforman *Nascida d'un sono*, unha das primeiras mostras poéticas galegas aparecidas durante a postguerra en Galicia.

Este pequeno poemario é un canto á alegría de vivir a través do tema central da muller, ao que se asocian os motivos, tamén centrais, da natureza, da liberdade e da poesía. Os devanditos elementos ensarillanse nunha totalidade pannaturista que iguala e confunde muller, vida e poesía, a través da exaltación concreta das cualidades físicas e morais da betanceira.

A muller aparece non só no marco da paisaxe mariñá "cantando e ríndo ao vento das Mariñas", senón que se confunde co entorno natural, pasando a ser ela mesma parte da flora, da fauna ou dos astros. Desta maneira asistimos a unha identificación metafórica ou comparativa coa natureza que fai da femia betanceira "puño de cereixas cristaíñas", "anduriña", "guindeiro", "Variña de avelairo", ou "permeira estrela que Deus fixo"; dos seus ollos, "soles verdadeiros"; do seu falar, "un espertar de melros sob a aurora"; da súa boca unha "guinda madura"; e do seu sorriso, a aurora; "¡Ai Deus, surrisa aberta com'a aurora!". Dita identificación muller-natureza fai da primeira símbolo da segunda e, máis en concreto, da terra de Betanzos, tal como confirma o verso "¡Qué aguinaldo do Deus aos da Mariña!".

Por outra parte, a composición destaca dúas das funcións tradicionais da muller: a erótica e a maternal. Moi significativamente, como ocorre dentro da cultura autóctona, o eros aparece asociado ao noivado e vencellado ao símbolo da auga: "pedinlle auga fresca. Pro a garrida / doume unha auga tola i acendida", "noiva a tecer damascos de ternura". Mentres, nesa mesma liña ideolóxica do peculiar patriarcado galego, a nai móstrasenos co don da santidade e coas ambivalentes cualidades da dozura e da fortaleza que lle fan ocultar o pranto do sufrimento persoal baixo o velo do doce canto adicado aos demais: "nai, santa nai que canta cando chora!".

'*NASCIDA D'UN SONO* É UN CANTO Á ALEGRIA DE VIVIR ATRAVÉS DO TEMA CENTRAL DA MULLER'

Mais quizá o maior ogro da composición sexa a poética vital e aberta que presenta, ao tratar de facer unha unidade totalizadora, sempre en libre movemento, entre a muller, a vida e a poesía. De feito, a muller betanceira simboliza a liberdade concebida como libre discorrer da vida, por isto o poeta nola mostra en mobilidade constante, con "aquil fuxir xogando d'anduriña" e os "pés voandeiros".

O primeiro poema comenza chamando á betanceira para que entre nos versos traendo consigo toda a naturalidade do traballo diario e a forza vital da alegría natural: "Ven aos meus versos como vas á feira, / cantando e ríndo ao vento das Mariñas. / (...) entra no meu soneto, betanceira!". Así, a poesía cobra a perfección da vida creada pola divinidade e pode perderse no libre discorrer natural:

brinca, anduriña, pol-as rimas miñas
cal te dou Dios, enteira e verdadeira.

E xa feito de ti, louro e compreto
cos iambos dos teus pasos donaireiros,
co lume dos teus ollos tan profundos,

eu ceibarei ao vento o meu soneto
pra que o teu nome suba antr'os loureiros
hastr'as estrelas, perfumando o mundo!

Mais, finalmente, o último poema remata instando á muller para que abandone a artificiosa creación e volva ao xurrar da vida onde poderá ser de verdade amada polo poeta:

¡Sal do Poema xa, céibate á ría
da Vida, corpo enteiro da alegría,
(...)
¡Así, sin versos,. para qu'eu te queira,
ti, nascida dun soño, betanceira □

Rosalia de Castro nunha foto que gardaba Eduardo Pondal

Rosalia Viva

NOVA EDICIÓN AMPLIADA

Despois de cinco anos reeditamos o esgotado primeiro número da série *A Nosa Cultura*, ampliando a nómina de autores e as perspectivas. Durante ese tempo incorporouse nova bibliografia sobre a nosa poeta e celebrouse o Congreso Internacional cando o centenário da morte da poeta de Padrón.

NOVAS SENSUAIS

■ **M.C./A CORUÑA**

Tempo de tránsitos. Se hai pouco foi Alberto Moravia, agora chegoulle o turno a Leonard Bernstein, un dos xénios da música universal. E coincidindo, os premios que tódos os anos dona a Academia Sueca. Gorbachov, nestas, foi o galardonado co Nóbel da Paz. Octávio Paz, co de Literatura. Parece que a forza de parir, as cousas ven tendo certo sentido.

En Compostela —e non podia ser menos— chegaron as chúvias. Mentres, o escritor xaponés **Munheiro Ikeda** —dende Tokio— publica "El Camino de Santiago en España". Ikeda, que percorreu a rota xacobea no 83 polo territorio do Estado, aponta novos datos á xa abondosa bibliografía do Camiño de Santiago.

Moleques, que saiu dunha idea de Marcos Orsi, será reestrea en Compostela os próximos dias 18, 19 e 20, no cenario do Auditorio da CAixa. É o primeiro espeitáculo de Ollamol (Santiago Prego, Marcos Orsi, Nuria Sanz e Evaristo Calvo), mais case toda a crítica coincide ao afirmar que é "un dos mellores traballos teatrais da temporda, un paseo pola incitación ao xogo irónico, cruel e tenro. e, sobretodo, ao humor. Rigurosamente recomendado para todos os públicos", escribe Boceiro.

Deseño Chelo

No referente á pintura, falar de **Francisco Bores,** de quen Javier Travieso di que "a exposición postuma do pintor foi un acerto, porque son poucas as ocasións nas que o público pode disfrutar dalgunha mostra "oficial" exenta de frivolidade". Sala Isaac Diaz Pardo do Auditorio de Galicia. □

■ Enche de árbores Galiza

Xevalé danos unhas pequenas instrucións de como entre todos podemos facer algo por evitar a grave deforestación que está a viver Galiza. Algo tan sinxelo como **plantar unha árbore.**

1. En terreos fortemente degradados por causa dos incéndios debemos sementar plantas do tipo das gramíneas para que fixen o terreo e asi evitar a erosión cara unha posterior repovoación.

2. No resto dos terreos debemos seguir este xeito de repovoación:

a/. Especies: Semente de Carballo, Castiñeiro, Nogueiras... todas elas de árbores autóctonas galegas.

b/ Recolección: Datas - Xeralmente nos meados do Outono cando vexades as landras, castañas... tiradas no chan baixo a árbore. Coller un saco ou bolsa de tela, e empezar a recoller a semente debaixo dos árbores, elexindo sempre as que sexan máis grandes e procedan unha árbore en bon estado, sen plagas ou enfermedade.

c/ Xerminación: Enche as bolsas ou sacos con serrín, viruta, area, follas... bota dentro as landras ou sementes que queiras plantar. Reméxeas ben e bótalle un pouco de água de xeito que todo quede bastante húmido (non enchoupado). Cada certo tempo tes que remexer para que todas as sementes teñan a mesma humidade.



Agarda mes e médio aprox. e veralas xerminar até botaren a raíz.

d/ Sementar: Datas- De Novembro a Febreiro. Podedes sementar as landras sen esperar a que xerminen inda que teredes menos probabilidades de que nazan. Para sementalas tedes que buscar un monte ou lugar onde exista ou existira a espécie que vaias plantar.

Fai un buraco (entre 5 e 8 cm.) e situa a landra, semente ou planta xerminada sempre en sentido horizontal.

E máis nada, xa o sabedes, rapidamente a coller sacos, picacho, moitas ganas de traballar e, adiante!! Galiza agarda polo que podas ti facer. Non esperes a que sexan os políticos porque entón xa podemos emigrar, que non nos vai quedar unha árbore.

Lembra sempre utilizar papel reciclado para salvar as árbores.

REGRESO DE INGLATERRA
BUSCO TRABALLO
ANIBAL MASEDA CORTIÑAS
Carnets B2 e D
Experiéncia 8 anos na Empresa
London Transport Thort and Sons
Contacto ☎ (986) 29 58 64

ACTOS

■ Galicia en Europa

Organizada polo C.C. Alexandre Bóveda e a Aula de Cultura da Caixa Galicia terá lugar nos próximos dias un ciclo de conferéncias baixo o xenérico "Galicia en Europa", que seguirá o seguinte calendário

17 de Outubro "Europa como espácio cultural", con intervencións de Xavier Alcalá, Antón Baamonde, Pedro de Llano e Victor F. Freixanes.

18 de Outubro "A problemática económica: poerspectiva agrícola e forestal", con Claudio López Garrido, Xaquin F. Leiceaga, Ramón Varela e Xosé Posada.

23 de Outubro. "Problemática social e laboral do mercado único europeu". Manuel Bonmatí, Santiago Torrente, Maria Rosa Gómez Pereira e Miguel Anxo Pérez.

25 de Outubro. "A indústria e os servícios: outra perspectiva económica". Luis Caramés, Ceferino Diaz e Xan López Facal.

29 de Outubro. "Aspectos políticos da preséncia da Galiza na Europa". Victo Portomeñe, Rodríguez Pardo, X.M. Beiras, Camilo Nogueira, Cándido S. Castiñeiraas e Xosé Luis Núñez.

■ Xornadas de Banda Deseñada

Do 19 ao 27 de Outubro terán lugar en Ourense as II Xornadas de Banda Deseñada que xunta a criadores, editores e animadores desta especialidade con exposicións de comics (9 simultáneas), de fanzines, vídeos, mesas redondas,... e unha xuntanza con criadores portugueses.

EXPOSICIONS

■ Naisaxes-Sobral

Exposición do pintor marinense na Nova Sala de Exposicións da Caixavigo

■ Carmen Ares

Exposición de óleos da pintora e xornalista Carmen Ares. No Café Ruanova de Santiago.

■ Robert Capa

Segue aberta a mostra de fotografías do informador norteamericano no Hiosco Alfonso de A Coruña

■ Manuel Moldes

Exposición na Casa da Parra de Santiago.

CONVOCATORIAS

■ Premio de Poesia "Eusebio Lorenzo Baleirón 1990"

Bases

1. O concello de Dodro, para contribuir á reafirmación da lírica galega tan importante na historia cultural de Galicia, decide crear con carácter anual o Premio da Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón".

2. Poderán concorrer tódolos poetas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, segundo a normativa oficial vixente. Os poetas deberán presentar un libro de versos de tema e forma libres. Os poetas quedan obrigados, por conseguinte, a que tales libros de versos posúan a imprescindible unidade para que poidan acadar esa consideración independetemente de que os poemas que os integren teñan ou non algunha relación entre sí. Os libros de versos que se apresenten ó Premio "Eusebio Lorenzo Baleirón" deberán ser inéditos e non teren participado noutros concursos ou certames. O autor garantizará esta circunstancia no caso de resultar gañador. Non menos de 200 versos.

3. Ningún autor poderá presentar máis dun libro. O xurado deberá apreciar obrigatoriamente as innovacións temáticas e formais, así como as técnicas poéticas que se correspondan coas tendencias máis actualizadas da poesía, sen rexeita-lo herdo da lírica galega desde os cancioneiros ata os nosos días.

4. Os autores dos libros de versos participantes deberán enviar tres exemplares das obras escritos a máquina, sen remite identificador, ó seguinte enderezo:

Concello de Dodro - A Coruña
III Premio de Poesía
"Eusebio Lorenzo Baleirón 1990"

As obras concursantes deberán ostentar un lema, que tamén figurará no exterior da plica onde se incluirán os datos persoais e un curriculum breve do autor. O prazo de presentación das obras remata o **30 de novembro de 1990.**

5. A dotación do Premio "Eusebio Lorenzo Baleirón" será de 150.000 pesetas, único e indivisible. Se a falta de calidade dos libros presentados así o requerira, o Xurado poderá declarar deserto o Premio.*1 6. O Xurado será designado polo Concello de Dodro, entre as personalidades de Galicia vencelladas á poesía e á crítica literaria. O Concello de Dodro elixirá directamente ó Presidente do Xurado. Un membro da Corporación Muncipal actuará como Secretario sen voz nen voto. A composición do Xurado faráse pública antes de conclui-lo mes de novembro de 1990. O fallo será dado a coñecer nun acto solemne que se celebrará no Salón de Sesións do Consistorio de Dodro, o 30 de decembro de 1990.

7. O Concello de Dodro resérvase a publicación da obra galardonada. A partir da segunda edición, a obra premiada pasa a ser propiedade do seu autor, quen, nas sucesivas edicións, deberá facer constala condición de Premio de Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" do Concello de Dodro. As obras non premiadas devolveránse ós seus autores, sempre que así o soliciten no prazo dun mes a contar da data do fallo do Xurado. Fóra dese prazo, procederáse ó arquivo dos orixinais non retirados.

8. a interpretación das presentes Bases corresponde únicamente ó Xurado. Polo feito de participar no Premio de Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón", cada autor comprométese a acatalas, sen menoscabo do que prescriban as leis vixentes.

ANUNCIOS DE BALDE

Véndese **forno para cerámica** semi-novo, grande. Tlfno. (986) 43 63 44. Horario Oficina. Preguntar por Rosana.

Licenciada en Filoloxia galego-portuguesa, con total coñecemento da língua en todos os aspectos, oferécese para **facer traducións**, correccións ou calquera outra actividade relacionada con esta especialidade. Interesados chamar ao (986) 25 20 17, perguntar por Ana Maria.

Fanzines. maketas, LPs. Asko de Aki, Distribución. Xaime Casas. Apartado 1615, Vigo.

Se quer incorporarse a unha **masa coral** para interpretar cancións rusas, chame ao

(986) 22 44 57, á Asociación de Amistade España-URSS.

Os grupos de rock-pop galegos interesados en enviar unha maqueta através do catálogo de **Discos Raiados** poden facelo ao seguinte enderezo: Discos Raiados. Apartado 1674. Vigo. Teléfono (986) 22 13 68.

AMNISTIA INTERNACIONAL

Para dirixir ao
Excmo. Sr. D. Xesus Diaz Fornas.
Congreso de los Diputados. Plaza de las Cortes, s/n. 28071 Madrid.

Señoria:
Quérolle facer chegar a miña preocupación pola posibilidade de que a "Convención sobre a determinación do país responsabel do exame das solicitudes de asilo efectuadas nun dos Doce países membros da C.E." sexa aprobada na sua actual versión.
Comparto plenamente as preocupacións publicamente expresadas por Amnistia Internacional sobre a falta de garantias de libre acceso ao refúxio que isto pode traer consigo, en especial ao contemplarse conxuntamente coa política de visados da C.E.
Solicito que se estabelezca un debate público sobre a citada norma comunitária antes da sua ratificación polo Parlamento Español.
Agardo de Vde., e do Parlamento Español, unha acción neste sentido para conseguir que a España sexa un ponto de acollida para todas aquelas persoas que se ven forzadas a sair do seu país diante do temor de converterse en presos de conciéncia, vítimas da tortura, da pena de morte, ou da "desaparición".

Asinado:
Don.....
Enderezo.....
Código Postal.....Provincia.....

rotograf, s.a.
artes gráficas
deseño, composición electrónica,
laboratório, offset,
encadernación
MONUMENTO, 16-B-15960-**RIVEIRA**-TEL. 87 32 01

A NOSA TERRA

ANO XIII • 18 DE OUTUBRO • 1990 — Nº 449 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS



Aids Diary. LINDA TROELLER

IV FOTOBIENAL DOCUMENTALISMO SOCIAL CONTEMPORÁNEO

X.C.

Curante todo o mes de Novembro a cidade de Vigo voltará a receber unha das máis importantes manifestacións no campo da fotografia e a imaxe. A IV Fotobienal, que organiza o Concello de Vigo e coordena o Centro de Estudos Fotográficos, apodérase da meirande parte dos marcos de exposición da cidade para aportar cinco distintas visións da fotografia coa preséncia de máis de cuarenta fotógrafos. No percorrido temático que os organizadores van sinalando cada dous anos, esta edición vai centrar a sua atención do *Documentalismo social contemporáneo*, para o que se conta coa preséncia de catorce fotógrafos ingleses, americanos e canadienses e a do galego Xurxo Lobato. Na nómina desta mostra estarán Carole Conde, Karl Beveridge, W. Chrisenberry, W. Eggleston, Nan Goldin, Jim Goldberg, John Phafl, Martha Rosler, Allan Sekula, Linda Troeller, David A. Bayle, John Davies, Karen Knorr, Martin Parr e Mitra Tabrizian. O documentalismo, confundido ás veces nas suas fronteiras de xénero co fotoxornalismo distánciase deste na posibilidade de facer unha reflexión máis crítica sobre o obxecto de atención. Fotografia en xeral crítica, o seu contido informativo non está apreixado no, ás veces, estreito corpiño da información, ben sexa pola imediatez da instantánea, ben na pexa ideolóxica do meio de comunicación. As fotos, normalmente seriadas e formando un conxunto, teñen unha leitura de conxunto, e precisamente para axudar á comprensión deste importante fenómeno fotográfico, están organizadas tanto as conferéncias como as proxeccións, xa habituais na Fotobienal.

A preséncia de fotógrafos como Sekula, Bayle, Rosler ou Vari Caramés, e de especialistas como Rhonda Wilson, Margarita Ledo ou Christian Caujolle entre outros completan a primeira semana de actividades.

As outras áreas atendidas na IV Fotobienal van signadas nos epígrafes. "Vigovisións" é a mostra da ollada de diferentes fotógrafos do mundo e da Galiza na sua visión da cidade. Desta volta o italiano Gabriele Basilico, os norte-americanos William Eggleston e Les Krims, o galego Pepe Galovart, o alemán Wilmar Koenig e o inglés Paul Reas.

Na "Colección Concello de Vigo" estará recollida unha mostra do fondo fotográfico adquirido polo axuntamento olívico nestes anos, con orixinais de Alvarez Bravo, América Sánchez, Les Krims, Manuel Vilariño, Javier Vallhonrat, Sebastião Salgado,...

"Home e Sociedade" é unha reflexión sobre este tema específico realizado polos fotógrafos galegos Vari Caramés, Xulio Correa e Manuel G. Vicente.

Para finalizar, unha constante importante na reivindicación da memória gráfica da Galiza: a fotografia histórica. A nómina atendida desta volta é extensa, e co título "En Galiza nos 50" recóllese a obra da que poderia chamarse xeneración das agrupacións fotográficas: Francisco Cabello, Juan Manuel Castuera, Jaime Cid, Benedicto Conde, Diaz del Rio, Carlos Espinosa, Raniero Fernández, Manuel Ferrol, Garcia Ferrer, Manuel López Vila, Francisco Losada, Mario Pérez, Antonio regueiro, Luis Rueda, Ángel Ruiz, Schmidt de las Heras, Dionisio Tasende, Veiga Roel, J.J. Vivancos, Francisco Ximénez e Luis Zamora.

Até o 30 de Novembro a fotografia adónase de Galiza facendo eixo en Vigo. A Fotobienal abriu xa hai 8 anos paso a unha meirande apreciación da fotografia como arte de vangarda. □



XURXO S. LOBATO

TRES EN RAIA

NOXO

XOSÉ ANTÓNIO GACIÑO

Cando escrebo, a policía española ven de incautar o alixo de cocaína máis importante da sua história (mil douscentos quilos), que, de todas maneiras, seguirá a significar só unha pequena parte do imenso negócio das drogas proibidas, con detencións, na maior parte dos casos, de traficantes de segunda ou de terceira ringleira, simples grilóns dunha potente cadea que remata en circos de poder.

Casualmente, no mesmo día (o pasado Martes), o secretário de Estado de Facenda, José Borrell, recoñecia ante unha comisión parlamentária que o seu departamento descoñece quen son os titulares de tres millóns de conta bancárias secretas, que, loxicamente, serven para acoller diñeiro negro, procedente de actividades ilícitas (o narcotráfico, por exemplo). E sobre esa gravidade da ignorância administrativa en relación con tantos millóns (quizais billóns) clandestinos, outra gravidade denunciada por alguns meios de comunicación: hai bancos que teñen distribuídas circulares entre as suas sucursais, nas que explican os trucos para ocultar a identidade dos titulares desas contas secretas sen que se note moito.

Descoñezo —hai que admitir que o Ministério de Facenda non é o único ignorante— se hai algun presidente ou director de banco que milite nalgunha asociación contra a droga, pero seguro que nengun deles se atreve nestes momentos a defender en público unha actividade tan siniestra como a do narcotráfico, que, sen embargo, ten unha participación importante no volume do seu negócio. O banqueiro só conta o diñeiro —branco ou negro: o importante é que cace capitais— e non ten por que pararse na sua suxa orixe.

O fio condutor que vai desde a sórdida morte por sobredose até o reparto de dividendos dun grande banco — sempre con enormes beneficios, por moita crise que haxa— pode resultar misterioso e fascinante. Nalguns casos, pode ser, sinxelamente, un feroz exercício de cinismo. (Para rematar, afirmo rotundamente que non son partidário da violéncia, agás no caso de defensa própria, e que estou convencido de que, no actual marco institucional, é posíbel loitar, coas armas da razón e do convencimento, por calquer obxectivo político que un se propoña. Dígoo para defenderme *a priori* dos simplistas aos que se lle podería ocorrer calificar de apoloxía do terrorismo a expresión do meu noxo pola dobre moral dos que negócian e sacan tallada da saúde humana). □

VOLVER AO REGO

Coa implantación de tres novos canais a oferta de televisión vóltase máis discriminatória cara ao galego. Cinco cadeas frenta a unha, nun panorama que xa se asemella ao dos diários, dez contra ningun.

Deberian de facer algun pronunciamento sobre isto as institucións, os pardidários do *bilinguismo equilibrado*, a Agli, etc.

Unha história de discriminación, coarenta anos de siléncio, dez de migallas e ainda din surprenderse da falta de conciéncia dos galegos. O que temos é moito aguante. □

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO